

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

III onte
oas

ÍNDICE

ASPECTOS ORGANIZATIVOS

I. Normas e principios xerais

II. A comunidade escolar. Dereitos e deberes de convivencia

1. Alumnado
2. Profesorado
3. Nais e pais do alumnado
4. Persoal de administración e servizos

III. Estrutura organizativa da comunidade escolar

1. Equipo Directivo
2. Consello Escolar
3. Claustro
4. Comisión de Coordinación Pedagóxica
5. Departamentos didácticos
6. Departamento de Orientación
7. Titorías e equipos docentes
8. Equipo de Normalización Lingüística
9. Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares
10. Xunta de Delegados

IV. Relacións no centro e deste coa comunidade socioeducativa

1. No propio centro
2. Cos centros adscritos
3. Cos equipos de orientación específicos
4. Co Centro de Formación e Recursos
5. Cos servizos municipais
6. Con outras institucións

V. Normas de Organización e Funcionamento

1. Normas xerais de convivencia
2. Condutas contrarias á convivencia
3. Reclamacións do alumnado ás súas cualificacións
4. Criterios para a asignación do alumnado aos diferentes grupos
5. Criterios para a confección dos horarios
6. Atención educativa ao alumnado exento da segunda lingua estranxeira
7. Gardas
8. Cambios na organización horaria
9. Organización de espazos e instalacións

ASPECTOS CURRICULARES E DIDÁCTICOS

VI. Oferta educativa do centro

1. Na Educación Secundaria obrigatoria

2. No Bacharelato

VII. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro

1. Na Educación Secundaria obrigatoria
2. No Bacharelato

VIII. Consideracións metodolóxicas xerais: a súa contribución á consecución das competencias clave

1. Na Educación Secundaria obrigatoria
2. No Bacharelato

IX. Criterios xerais de avaliación e promoción do alumnado

1. Na Educación Secundaria obrigatoria
2. No Bacharelato
3. Concesión de Matrícula de Honra

X. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes

XI. Liñas xerais de atención á diversidade

XII. Plans para o alumnado con materias avaliadas negativamente ou que non promocióne

XIII. Liñas xerais para a elaboración dos Plans de Orientación e Acción Titorial

XIV. Proxecto de dinamización da Linga Galega

XV. Plan Lector

XVI. Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación

XVII. Liñas xerais do Plan de Convivencia

REFORMA DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DISPOSICIÓN FINAL

ASPECTOS ORGANIZATIVOS

I. NORMAS E PRINCIPIOS XERAIS

Os centros docentes que ofrezan ensinanzas ensino secundario rexeranse polo disposto na Lei Orgánica 8/1985 de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación (LODE), na Lei Orgánica de Educación 2/2006 (LOE) de 3 de maio de 2006, na Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa 8/2013 (LOMCE), no Real Decreto 732/1995 de 5 de maio polo que se establecen os Dereitos e Deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia nos centros (BOE do 2 de xuño), polo disposto no Real Decreto 324/1996 de 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (ROC) (DOG 9 de agosto), pola Orde de 1 de agosto de 1997 que desenvolve o Regulamento orgánico de Institutos de Educación Secundaria (DOG do 2 de setembro), na Lei 4/2011 de 30 de xuño, de Convivencia e de participación da comunidade educativa (DOG 15 de xullo) e o Decreto 8/2015 que desenvolve a anterior Lei, así como polo presente PEC elaborado pola Dirección do centro.

Este PEC establece unha serie de normas e pautas de conduta que, xunto coas normas específicas de rango superior establecidas, rexen a convivencia no centro entre todos os compoñentes da comunidade escolar, que quedan obrigados a cumprilas. Trátase de conseguir un clima de convivencia de calidade no centro escolar, condición imprescindible para a consecución dos seus fins educativos.

Como principio xeral, defendemos que a finalidade primordial da educación debe estar orientada a lograr o desenvolvemento da personalidade do alumnado. Para isto será necesario, ademais do traballo no ámbito cognitivo, potenciar o respecto aos dereitos e liberdades básicas recoñecidas pola Constitución -tolerancia e liberdade en democracia- e a adquisición, por parte do alumnado, dos hábitos intelectuais e técnicas de traballo que o capacite para o desempeño da súa futura actividade profesional e, no seu caso, para continuar o seu proceso de formación.

Todas as actividades que se desenvolvan estarán baseadas na liberdade e nos principios democráticos de xustiza, igualdade, pluralismo, a paz e o respecto aos dereitos humanos. Serán principios fundamentais a tolerancia e o mutuo respecto entre todos os integrantes desta comunidade escolar. Non terán cabida, polo tanto, actitudes sexistas, xenófobas nin racistas, nin serán tolerables actitudes de acoso escolar ou que atenten contra a dignidade de calquera dos membros que constitúen a comunidade educativa.

Nesta liña, as programacións docentes asumen como valores transversais xerais os elementos básicos relacionados coa educación cívica e institucional, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención de violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, o principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera circunstancia persoal ou social, así como a aplicación de medidas que favorezan a aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos. Ademais, de forma máis específica e con maior ou menor intensidade en funcións dos contidos das diferentes materias, as citadas programacións incorporarán elementos transversais relacionados coa

comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación.

O centro ten por fin primordial a formación integral e o desenvolvemento pleno da personalidade do alumnado, e a conseguir este fin deben dirixir os seus esforzos os membros da comunidade escolar afectados por este PEC. Ao mesmo fin potenciarase a orientación educativa e profesional a través dos departamentos correspondentes.

Coa esta mesma finalidade formativa debe entenderse a corresponsabilidade de pais e nais ou de persoas titoras legais no mantemento da convivencia no centro educativo, que é un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos. Neste sentido, a lei impón a obrigatoriedade para pais e nais, titores e titoras legais, da participación nos procedementos de corrección disciplinaria cando sexan legalmente convocados.

As normas contidas neste Regulamento serán de aplicación ás condutas que teñan lugar non só dentro do recinto escolar (edificios, patios,...), senón tamén en calquera outro lugar no que se desenvolvan actividades docentes, extraescolares e complementarias organizadas polo centro (excursións, visitas, competicións deportivas ...), así como ás que se produzan fóra do recinto escolar, sempre que estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos compañeiros ou compañeiras ou outros membros da comunidade educativa, e mesmo ás condutas realizadas nun contorno tecnolóxico que transcenda ao espazo físico.

A avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe, do propio centro e dos elementos do sistema será o mecanismo habitual que permita a recondución dos obxectivos propostos.

II. A COMUNIDADE ESCOLAR DEBERES E DEREITOS DE CONVIVENCIA

A comunidade escolar está formada polo alumnado, o profesorado, as nais, pais e persoas titoras legais do alumnado e o persoal de administración e servizos (PAS), tendo os seguintes dereitos e deberes:

1. ALUMNADO

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos no Real Decreto 732/1995 sobre Dereitos e Deberes dos alumnos/as, antes citado e modificado pola Lei Orgánica de Educación e pola Lei 4/2011 de Convivencia e o Decreto 8/2015 que desenvolve a anterior lei. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos e deberes básicos de convivencia escolar derivados da normativa vixente, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de convivencia:

Son **dereitos** básicos de convivencia escolar do alumnado:

- Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

- O respecto da súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia a través da elaboración das normas de convivencia e dos mecanismos de resolución de conflitos ou cando sexa consultado pola Administración.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- Participar, colaborar e intervir na mellora da convivencia, respectando o dereito do alumnado á educación.
- Respetar a dignidade, funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias educativas recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar os dereitos fundamentais do conxunto da comunidade educativa.
- Respetar as normas de convivencia, organización e disciplina do centro docente facendo especial fincapé no referido ao uso e conservación adecuado das instalacións do centro e á asistencia a clase con puntualidade e co material educativo pertinente.

2. PROFESORADO

Os dereitos, funcións e deberes do profesorado están suxeitos ao establecido no Decreto 1/2008 de 13 de marzo, na LOE (artigo 91, disposicións adicionais 6ª e 7ª), na LOMCE e matizados na Lei 4/2011 de Convivencia. Será o primeiro en velar pola boa convivencia, puntualidade e mantemento da orde do centro, respectando e facendo respectar as normas de convivencia e a dignidade persoal de todos os membros das comunidade educativa.

Son **dereitos** básicos do profesorado:

- Ser respectado e valorado no exercicio das súas funcións e ser recoñecido nas súas facultades para manter un ambiente adecuado de convivencia na súa actividade. O profesorado terá a protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- Participar na mellora da convivencia escolar e na educación integral do alumnado, recibindo a formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar.
- Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración.

Son **deberes** básicos do profesorado:

- Adoptar as decisións para manter un adecuado ambiente de convivencia e corrixir, cando lle corresponda, as condutas contrarias á convivencia, ou a poñelas en coñecemento da Dirección, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

- Informar ás nais, pais ou persoas titoras sobre seus fillos e pupilos cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a súa atención.
 - Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias ás normas de convivencia, especialmente do acoso escolar. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo a un alumno ou alumna por un ou varios compañeiros, sexan de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produzan. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
 - Asistir a todas as actividades escolares da súa competencia, debendo xustificar as súas ausencias do modo regulamentario que a este fin estableza a lexislación.
- **Condición de autoridade pública do profesorado**
 - O profesorado ten a condición de autoridade pública no exercicio das súas funcións. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e formalizados regulamentariamente, terán presunción de veracidade, sen prexuízo da proba en contrario (Lei 4/2011 de Convivencia e Decreto 8/2015).
 - O profesorado poderá requirir ao alumnado a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e estea prohibido polas normas do centro, sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal propia ou dos outros membros da comunidade educativa ou que perturbe o desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

3. NAIS E PAIS DO ALUMNADO

Os dereitos e obrigas dos pais e as nais (ou, no seu caso, as persoas titoras legais) están recollidos na LODE, na LOE, na LOMCE, na LRJAPAC (Lei 30/1992), na Lei 4/2011 de Convivencia e na Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno.

Entre os **dereitos** destacamos os seguintes:

- Seren informados das normas que regulamentan a convivencia no centro.
- Recibir toda a información relativa á evolución educativa dos seus fillos e fillas.
- Coñecer as decisións relativas á avaliación e promoción do alumnado.
- Ter acceso aos documentos oficiais de avaliación e a examinar, xunto co profesorado, os instrumentos de cualificación relativos a seus fillos, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro.

- Á protección de datos de carácter persoal e normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Seren escoitados nos procedementos disciplinarios que atinxen aos seus fillos.
- Participar no proceso educativo a través dos procedementos establecidos pola administración.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas teñen as seguintes **obrigas**:

- Coñecer e participar no proceso educativo en colaboración co profesorado, fomentando o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Coñecer, respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro e a autoridade do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas dos seus fillos contrarias á convivencia.
- Comparecer, de ser o caso, nos procedementos disciplinarios dos fillos menores de idade. A súa desatención reiterada e inxustificada pode ser considerada pola autoridade competente como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade.

4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O persoal de Administración e de Servizos está composto polo persoal administrativo, o persoal subalterno e o persoal de limpeza. Da súa coordinación encárgase o Secretario/a do centro.

Recoñécenselles os seguintes **dereitos**:

- Ser respectado e valorado e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa no exercicio das súas funcións, con respecto á súa integridade física e moral.
- Participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- Protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- Participar nas consultas da Administración.

Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- Colaborar para facer que se respecten as normas de convivencia escolar.
- Colaborar na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar, informando á Dirección e gardando reserva sobre as circunstancias do alumnado.

Opersoal administrativo deberá atender a todas aquelas persoas que precisen asistencia naquelas cuestións administrativas que sexan da súa competencia orgánica no centro e conforme ás funcións do seu corpo e grao persoal, que regula a lei de funcionarios de corpos da administración xeral da Xunta de Galicia.

O persoal subalterno deberá:

- Preocuparse de proporcionar o material axeitado que lle soliciten para o normal desenvolvemento das actividades.
- Controlar o uso adecuado de auga, luz, calefacción e teléfono, así como o estado do material do centro, comunicando ao Secretario/a as desfeitas que se produzan.
- Colaborar co profesorado de garda no control da orde interna.
- Controlar o acceso ao centro das persoas alleas ao mesmo.

O persoal de limpeza deberá:

- Cumprir a quenda de traballo que, segundo o seu horario de dedicación, lle sexa asignada polo Secretario do centro.
- Informar ao Secretario/a das deficiencias que vexa durante o desenvolvemento da súa xornada laboral.

1. EQUIPO DIRECTIVO

As súas funcións están reguladas polos artigos 131 ao 139 da LOE, polo Capítulo 2º do Título segundo do ROC, nas disposicións transitorias 6ª e 7ª da LOE, o artigo 131 da LOMCE e no artigo 10.1 da Lei 4/2011 de convivencia.

Reunirase semanalmente. A tal fin, a Xefatura de Estudos velará, no momento da confección dos horarios, porque todos os membros da mesma teñan asignada unha das horas lectivas no seus horarios.

2. CONSELLO ESCOLAR

As súas funcións están reguladas polos artigos 126 e 127 da LOE e nos artigos que van do 36 ao 45 do ROC e no artigo 127 da LOMCE. As súas reunións convocaranse nas horas non lectivas de modo que non se lesionen os intereses dos membros do mesmo. Dentro do Consello Escolar organizaranse tres comisións:

- **Comisión Económica**, formada polo Director/a, Secretario/a, un representante das nais e pais, un do profesorado e un do alumnado.
- **Comisión de Convivencia**, formada polo Director/a, Xefe/a de Estudos, un representante das nais e pais, un do profesorado e un do alumnado.
- **Comisión de Escolarización**, formada polo Director/a, un representante das nais e pais, un do profesorado e un do alumnado.

O Consello Escolar poderá organizar todas as comisións que considere oportunas para tratar asuntos específicos, nas que estarán presentes, cando menos, un representante do profesorado, un do alumnado e un dos pais/nais (art. 45 do ROC) e sempre que sexan aprobadas pola maioría de dous terzos dos membros do Consello presentes no acto.

3. CLAUSTRO

As súas funcións están reguladas polos artigos 128 e 129 da LOE e da LOMCE e nos artigos 46 e 47 do ROC. Como norma xeral, as súas reunións serán convocadas en horario de tarde, agás algunha de Claustro extraordinario que pola curta duración do tema tratado poida facerse nun recreo.

O Claustro reunirase unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o Director/a ou o solicite, polo menos, un terzo dos seus membros. Neste último caso, o presidente/a realizará a convocatoria no prazo máximo de vinte días contados desde o seguinte día a aquel que se presente a petición. En todo caso, será preceptiva unha sesión do Claustro ao comezo e outra ao remate do curso (art. 51 do ROC)

Corresponde ao Director/a convocar as sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día –comunicado previamente o avance no taboleiro de anuncios da sala de profesores- tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación (art. 23 b da Lei 30/1992 de 26 de novembro). As peticións de inclusión da orde do día por parte dos membros do Claustro deberán incluírse coa literalidade que figure na súa presentación.

4. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

As súas funcións están reguladas polo artigo 77 do ROC. Reunirase por decisión do Director/a como presidente da mesma ou por decisión colexiada da maioría simple dos seus membros.

5. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

As súas funcións están reguladas polo Capítulo IV do Título V do ROC (artigos 71 a 76). Poderán celebrar cantas reunións desexen, pero como mínimo é obrigatoria unha mensual.

6. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A súa composición e funcións básicas están reguladas polos artigos 3, 6 e 7 do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia e a normativa que o desenvolve. Igualmente, regula moitas das súas competencias a Lei de convivencia e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade.

O Departamento actuará baixo a dependencia directa da Xefatura de Estudos e en estreita colaboración co Equipo Directivo, titores e xefes dos departamentos didácticos. Os seus membros reuniranse semanalmente e, de forma periódica, cos titores, especialmente cos da ESO. Así mesmo, a xefatura do Departamento de Orientación manterá reunións trimestrais cos orientadores/as dos centros de primaria adscritos ao IES.

7. TITORÍAS E EQUIPOS DOCENTES

A persoa titora é a peza clave da orientación escolar, académica e profesional do alumnado, tanto a nivel individual como de grupo. As súas funcións están reguladas nos artigos 58 e 59 do ROC e no artigo 20 do Decreto 133/2007 do 5 de xullo, DOG 13 de xullo de 2007). Cómpre salientar a súa responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases no seu grupo, tanto no relativo á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe, así como de orientar ao alumnado en colaboración co Departamento de Orientación. Entre as funcións do profesorado titor destacan:

- Coordinar a sesión de avaliación inicial. Dita reunión será preceptiva para os todos os grupos de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Solicitar, a través da Xefatura de Estudos, as xuntanzas de profesores do grupo que considere oportunas.
- Levantar acta das sesións de avaliación e doutras reunións que se celebren ao longo do curso.
- Colaborar co Departamento de Orientación e co equipo docente no plan de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, no plan de orientación académico profesional e no desenvolvemento do plan de acción tutorial, con especial atención á realización das actividades do programa de habilidades sociais e ao desenvolvemento e coordinación das medidas de atención á diversidade dos seus titorados.

- Dar a coñecer ao seu alumnado o PEC, especialmente os apartados do das NOF referidos ás normas de convivencia e mecanismos de reclamación do alumnado, así como os procedementos establecidos para a resolución de conflitos.
- Controlar o estado da aula ao longo de todo o curso.

A persoa titora será designada pola Dirección do centro entre o profesorado que imparta docencia ao grupo. Para a súa designación terase en conta o establecido no artigo 58 do ROC:

- Que imparta unha materia común a todo o alumnado do grupo.
- Nos cursos 1º e 2º de ESO, asignarase a titoría preferentemente aos/ás mestres/as que impartan clase neses grupos.
- No caso dos grupos de PMAR a persoa titora será preferentemente o responsable dun dos ámbitos.
- Poderán nomearse titores específicos para aquel alumnado que precise dunha atención especial, sempre que exista profesorado dispoñible.

8. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A súa composición e funcións están reguladas nos artigos 82 a 87 do ROC. Os seus obxectivos serán especificados no Proxecto para o fomento do uso do galego que se elaborará anualmente.

9. DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A súa composición e funcións están reguladas polos artigos 61 a 70 do ROC. Tal como establece o artigo 64, neste instituto exerce a xefatura deste departamento o/a Vicedirector/a.

10. XUNTA DE DELEGADOS

Está regulada polo Título V do ROC (artigos 107 a 115).

Na primeira quincena do mes de outubro celebraranse, presididas polos respectivos titores, as eleccións para delegados de grupo. Na primeira quincena do mes de xaneiro haberá oportunidade de renovar o cargo, para o que os titores procederán a organizar outra elección se así o desexa o grupo.

A Xunta de Delegados será presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes na primeira reunión de cada curso.

As competencias do delegado que preside a Xunta, a celebración das reunións, a posibilidade de revogación dos delegados e as funcións da Xunta de Delegados están determinadas nos artigos 109, 110, 111, 112 e 113 do ROC. A Xefatura de Estudos velará porque todos os delegados dispoñan da información contida nestes artigos.

A Xunta de Delegados reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao trimestre, antes e despois de cada reunión do Consello Escolar e cando sexa convocada pola Dirección e/ou Xefatura de Estudos. Aínda que o artigo 110 establece que as reunións non deben alterar o desenvolvemento das actividades docentes, cando o carácter extraordinario do tema o demande, a Dirección poderá permitir que a reunión se celebre durante o horario lectivo.

IV. RELACIÓNS NO CENTRO E DESTE COA COMUNIDADE SOCIOEDUCATIVA

Debe ser obxectivo prioritario de todos os compoñentes da comunidade educativa do IES Monte das Moas intensificar as diferentes formas de colaboración cos distintos sectores que a constitúen, así como potenciar a que se poida establecer con outros grupos e institucións.

1. NO PROPIO CENTRO

En aplicación da lexislación que afecta aos diferentes elementos que conforman estrutura organizativa da comunidade escolar, recollida no apartado III deste PEC, procurarase potenciar as actividades de coordinación nos diferentes ámbitos:

- No Equipo Directivo.
- Entre os titores/as e o seu grupo.
- Entre os titores/as, profesores/as, orientadores/as cos pais e nais do alumnado.
- Entre os titores/as dun mesmo nivel educativo.
- Entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor.
- Entre os membros dos departamentos didácticos e o de Orientación.
- Entre os membros que constitúen comisións (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Comisión de Convivencia, Comisión Económica...) e equipos de traballo específicos (Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, Observatorio de Convivencia...).

2. COS CENTROS ADSCRITOS

O Equipo Directivo e o Departamento de Orientación desenvolverán actuacións cos centros de primaria adscritos ao IES co fin de facilitar o tránsito á ESO do alumnado de ditos centros tales como: transmisión da información oral e documental do alumnado de nova incorporación, planificación e realización de actividades de achegamento ao IES para as familias e o alumnado, coordinación dos aspectos xerais do Plan de Orientación, propostas conxuntas de actuación con alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, alumnado de procedencia estranxeira e de minorías étnicas...

3. COS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

A xefatura do Departamento de Orientación ou a Dirección do centro poderá solicitar a intervención dos profesionais do E.O.E. a través do Servizo de Inspección Técnica Educativa, coa finalidade de:

- Solicitar información sobre recursos e materiais para responder ás necesidades educativas especiais.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica por estimar necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.
- Asesorar e apoiar ao Departamento de Orientación.
- Contribuír á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- Revisar o ditame de escolarización de alumnos que presentan necesidades educativas especiais.

4. CO CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS

O centro colaborará co Centro de Formación e Recursos en tres planos:

- Divulgando a información que lle sexa remitida desde o CEFORE para que sexa coñecida polo profesorado.
- Solicitando asesoría para a formación do profesorado en todos aqueles casos en que exista unha demanda específica (para proxectos de formación en centros, seminarios permanentes...).
- Facilitando espazos e instalacións para o desenvolvemento de cursos de formación.

5. COS SERVIZOS MUNICIPAIS

O Instituto colaborará e participará en programas que o Concello da Coruña oferte para os niveis de ensino secundario. Así mesmo, por ser a etapa da ESO unha etapa de ensino obrigatorio na que poden aparecer casos de alumnos/as que falten a clase dun modo inxustificable, unha vez esgotadas as vías de comunicación coa familia, informarase da situación á Inspección Educativa e aos Servizos Sociais do Concello en aplicación da lexislación sobre absentismo escolar.

6. CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

O IES Monte das Moas será receptivo a todo tipo de colaboración que redunde en beneficio do seu alumnado e profesorado, ademais de facilitar o uso das súas instalacións a colectivos -especialmente do barrio- que así o soliciten para fins sociais ou culturais e que, a xuízo da Dirección, potencien as relacións do centro co seu contorno.

Ademais das actuacións puntuais que poidan xurdir, convén manter un bo nivel de colaboración con institucións como:

- Asociacións de Veciños do barrio.
- Asociacións culturais.
- Centro de Saúde do Castrillón.
- Biblioteca pública do centro cívico do Castrillón.
- Deputación Provincial.
- Con institucións culturais da cidade non incluídas nos programas de visitas do Concello como as casas-museo, os museos de arte e historia e as sedes de fundacións culturais.
- Empresas e fábricas da área metropolitana.
- Organizacións non gobernamentais da cidade.
- Servizos Sociais de Xunta de Galicia.
- Policía nacional e local.

V. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

As liñas xerais do contido das NOF están reguladas no artigo 100 do ROC, no artigo 124 da LOMCE e na lexislación relativa á convivencia nos centros (Lei 4/2011 e Decreto 8/2015), permitindo que os centros concreten todos aqueles aspectos que consideren oportunos para unha mellor organización e convivencia de todos os sectores da comunidade escolar no seu Plan de Convivencia.

1. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

Segundo a lexislación actual, as normas de convivencia do centro quedan establecidas e regulamentadas no Plan de Convivencia elaborado pola Comisión de Convivencia e aprobado polo Consello Escolar.

A principal finalidade do establecemento das normas de convivencia é a de potenciar a adquisición de hábitos de respecto mutuo, así como transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade nun clima de responsabilidade, de traballo e de harmoniosa e pacífica relación.

As normas de convivencia do centro concretan as faltas, as correccións e os procedementos a seguir no caso de incumprimento dos deberes por parte do alumnado, xa que cando estes aspectos se refiren ás relacións co resto dos membros da comunidade educativa (nais, pais, profesorado, persoal non docente), xa están regulamentadas por leis específicas.

Como **consideracións xerais e previas**, establecemos que:

1. As correccións que teñan que aplicarse terán sempre un carácter educativo e recuperador, respectarán os dereitos do alumnado e procurarán a mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia no centro docente.
2. O alumnado non poderá ser privado do seu dereito á educación e, no caso da ESO, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas que supoñan a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
3. Ningunha sanción poderá atentar contra a integridade física ou a dignidade persoal do alumnado.

A corrección será proporcional á falta cometida e terá a debida inmediatez para garantir o seu carácter educativo, sen menoscabo dos dereitos e garantías de defensa do alumnado. Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade e a situación persoal, familiar e social do alumnado no momento de decidir, tanto na súa incoación ou o sobresemento, como a efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.

4. É competencia do Consello Escolar e do Claustro coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar para que se atean á normativa vixente.

Como **normas xerais** de organización da convivencia establecemos que:

1. É unha obriga do alumnado o reparar os danos materiais e morais causados coas súas condutas contrarias á convivencia, obriga que debe entenderse como medida educativa no marco do proceso de formación integral do alumnado.
2. Para controlar o acceso ás instalacións do centro de persoal alleo ao mesmo, tanto o profesorado coma o persoal de servizos, poderán requirir a súa identificación e negarlle, se o consideran oportuno, a súa entrada.
3. Todas as actividades escolares obrigatorias realizaranse dentro do horario lectivo. Se, por algunha circunstancia especial, fose conveniente trasladar unha actividade fóra de tal horario, haberá de contar coa aprobación de todo o alumnado afectado.
4. Nas actividades extraescolares que supoñan saída do centro, o alumnado debe cumprir as mesmas pautas de comportamento que rexen no centro, ademais das específicas que estableza o profesorado acompañante. Polo tanto, as faltas serán sancionadas do mesmo modo que se fosen cometidas no instituto.
5. Para obter o máximo beneficio das explicacións do profesorado, o alumnado prestará atención, mantendo o silencio e actitude adecuadas, cumprirá as normas

que se establezan, terá o material preparado desde o inicio da clase e non interromperá o normal desenvolvemento das mesmas.

6. O alumnado agardará ao profesorado na aula e manterá a porta aberta; se transcorridos dez minutos non aparece este nin o profesorado de garda, o/a delegado/a deberá ir á sala de profesores a notificar a ausencia.

7. O alumnado da ESO, cando non teña clase, deberá permanecer na aula co profesorado de garda. O alumnado de Bacharelato poderá optar por ir á biblioteca se hai profesorado de garda nela, aos patios, á cafetería ou permanecer na aula.

8. A actitude do alumnado na biblioteca debe ser tan correcta coma na aula, traballando en silencio, norma común a todas as bibliotecas.

9. Cando un profesor/a falte a primeira ou a última hora da mañá ou da tarde, o alumnado de Bacharelato, e o da ESO que teña autorización do pai, nai ou titor legal, poderá chegar á segunda hora ou saír á última. A Xefatura de Estudos deseñará un sistema para o control do anteriormente exposto. No caso do alumnado da ESO, os pais, nais ou titores legais serán expresamente informados da posibilidade e consecuencias da referida autorización.

10. Cando un alumno/a de Bacharelato remate un exame antes do final da clase poderá saír da aula, en silencio, se se trata da última hora da mañá ou da tarde, agás indicación contraria por parte do profesorado.

11. Ao comezo de cada curso facilitarase a cada delegado/a de curso unha chave da aula para que poidan mantela pechada en momentos de ausencia do alumnado do grupo durante a xornada escolar.

A efectos da **tipificación da falta e da gradación das correccións** terase en conta:

- Circunstancias atenuantes:
 - O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
 - O cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
 - A falta de intencionalidade.
 - No caso de alumnado con NEE teranse en conta os informes realizados polo Departamento de Orientación, previa solicitude do instrutor.

- Circunstancias agravantes:
 - A premeditación e reiteración da falta.
 - A difusión por calquera medio da conduta
 - O abuso dunha situación de privilexio, por efectuarse a falta sobre compañeiros/as de menor idade, recentemente incorporados/as ao centro ou por tratarse dun caso de discriminación ou por calquera outra circunstancia que determine un carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

2. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas contrarias á convivencia terán a consideración de leves, graves e de sanción especial (faltas de asistencia e puntualidade) e todo o relativo á súa tipoloxía e sanción queda recollido no Plan de Convivencia e os seus anexos.

3. RECLAMACIÓN DO ALUMNADO ÁS SÚAS CUALIFICACIÓN

- O alumnado ten dereito a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan avaliados con obxectividade, segundo recolle toda a lexislación existente.
- A avaliación será continua e integradora na ESO, situación que non debe ser incompatible co feito da avaliación de cada materia se realice de forma diferenciada polo profesorado que a imparta tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados de cada unha delas, así como as accións e os acordos dos departamentos establecidos nas programacións didácticas. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe das materias serán o referente para valorar a consecución dos obxectivos establecidos e, no seu caso, o grao de adquisición das competencias clave.
- En ambas etapas a avaliación será continua en cuanto que estará inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.
- A avaliación debe cumprir unha función formativa para cada alumno, aportándolle información sobre o que realmente progresou, as estratexias persoais que máis o axudaron, as dificultades que encontrou e os recursos de que dispón para superalas.
- A cualificación será decidida polo profesorado que imparta cada materia e terá como referente os criterios de avaliación de cada unha delas.
- Coa finalidade de garantir o dereito do alumnado a ser avaliado con criterios obxectivos, ao comezo de cada curso os departamentos didácticos, a través do profesorado, informarán a cada grupo de alumnos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva nas distintas materias, dos criterios de cualificación e dos instrumentos e procedementos de avaliación que se utilizarán, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, así como das medidas de reforzo e recuperación previstas.
- O alumnado ou seus pais ou tutores legais poderán solicitar, de profesores e tutores, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado dese proceso.
- O profesorado facilitará ao alumnado ou aos seus pais ou tutores as informacións que se deriven dos instrumentos utilizados para valorar o proceso da aprendizaxe. Cando os pais ou tutores desexen recibir unha información complementaria deberán solicitar unha entrevista co titor/a ou co profesorado da

materia e serán atendidos no tempo que para estes fines figura no horario persoal de todo o profesorado. Cando a valoración estea baseada en probas, exercicios ou traballos escritos, os alumnos e seus pais ou titores terán acceso a estes, revisándoos co profesor/a correspondente.

- Os instrumentos de avaliación deberán ser conservados, ao menos, ata tres meses despois de adoptadas as decisións e formuladas as correspondentes cualificacións finais.

Procedemento de reclamación da cualificación final no centro

- No suposto de disconformidade coa cualificación final (ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro) ou coa decisión de promoción ou titulación, o alumnado ou os seus representantes legais, logo de examinar co profesorado correspondente as probas obxecto de reclamación, poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación ou a decisión de promoción no prazo de dous días lectivos desde o coñecemento da decisión.
- A Xefatura de Estudos organizará as xornadas de reclamación ás avaliacións finais.
- Para facilitar a tramitación da reclamación, o alumnado e seus pais poderán servirse das instancias que se lles facilitarán na Conserxería do centro.
- A solicitude de reclamación será tramitada a través da Xefatura de Estudos, quen trasladará ao departamento didáctico correspondente e comunicará tal circunstancia ao titor. Se a reclamación é sobre a promoción, a solicitude trasladarase ao titor.
- As reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes supostos:
 - Inadecuación da proba en relación cos obxectivos e/ou contidos da materia a avaliar e co nivel previsto na programación didáctica.
 - Inadecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na citada programación da materia correspondente.
 - Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación didáctica da materia.
- A partir do día seguinte de rematar o prazo para presentar as reclamacións reunirse o departamento ao que pertence o profesor/a a quen se lle presente a reclamación, que elaborará un informe, baseándose nos seguintes aspectos, e que asinarán todos os membros do mesmo:
 - Adecuación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuren na programación.
 - Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación.

- Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación
- Este informe entregárase na Xefatura de Estudos no prazo máximo de tres días. A decisión do departamento será inmediatamente comunicada ao alumnado afectado e seus pais, así como ao titor.
- Se a reclamación se refire á decisión de promoción ou titulación será trasladada ao profesorado titor como coordinador da sesión de avaliación na que foi adoptada por se é procedente unha nova convocatoria da xunta de avaliación no prazo de tres días lectivos a partir da finalización do período de solicitude de revisión. En calquera dos casos comunicárase por escrito a resolución tomada ao alumnado reclamante ou aos representantes legais.
- No caso de proceder a rectificación farase constar nos documentos correspondentes.

Procedemento de reclamación da cualificación final fóra do centro

- No caso de persistir a reclamación, esta terá que ser resolta por instancias superiores, caso da Xefatura Territorial a través do servizo de Inspección Educativa ou pola Comisión de supervisión para o caso das reclamacións das cualificacións de 2º curso de Bacharelato segundo o procedemento establecido pola normativa legal.
- Para o alumnado dos cursos da ESO e de 1º de Bacharelato que desexen continuar co procedemento de reclamación da cualificación final ou a promoción, deberá presentar unha instancia ante a Dirección do centro no prazo de dous días hábiles a partir da comunicación da resolución do departamento didáctico correspondente á materia reclamada mediante instancia dirixida á Dirección do instituto.
- A Dirección do centro, nun prazo máximo de tres días hábiles, remitirá o expediente á Xefatura Territorial no que figure:
 - -Os informes elaborados no centro
 - -Os instrumentos de avaliación do alumnado reclamante
 - -O informe da Dirección
- A Xefatura Territorial contestará no prazo de quince días e comunicará o resultado á Dirección para o seu traslado ao interesado. Este procedemento pon fía á vía administrativa.
- O procedemento para reclamar as cualificacións de 2º curso de Bacharelato, logo de esgotar as vías de reclamación no centro, será o que estableza a lexislación pertinente.

4. CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DO ALUMNADO AOS DIFERENTES GRUPOS

Na confección de horarios dos grupos do alumnado, a Xefatura de Estudos, ademais das sesións asignadas a cada unha das materias do currículo, procurará ter en conta:

- Que coincidan, sempre que sexa posible, á mesma hora todos os grupos nas materias optativas para facilitar a mobilidade do alumnado (cambio de grupo) ou cambio de opción.
- Que a distribución horaria das materias se reparta ao longo da semana e da xornada, de modo que non figure sempre á mesma hora, especialmente cando se trate de primeiras ou últimas horas.

5. CRITERIOS PARA A CONFECCIÓN DOS HORARIOS

Os criterios para a confección dos horarios do profesorado serán os que estableza o Claustro en setembro, na primeira sesión do inicio dun novo curso.

6. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO EXENTO DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

O alumnado da ESO que non cursa a segunda lingua estranxeira debido á exención concedida en aplicación do art. 6.4 do Decreto 133/2007, e do punto 5.f da Orde de 6 de setembro de 2007, na medida das disponibilidades do centro, será atendido por profesorado designado ao efecto e, no caso contrario, será atendido polo profesorado da materia dentro da aula.

7. GARDAS

Durante as horas lectivas sempre deberá permanecer no centro polo menos un dos membros do Equipo Directivo, que estará localizable polos conserxes.

As gardas-que forman parte do horario lectivo do profesorado- deben realizarse, sempre que o permita a organización horaria do centro, cando menos por dous profesores/as.

A garda ten que realizarse desde o momento do toque da sirena, sendo os profesores/as de garda, xunto co Equipo Directivo, os responsables da orde no centro.

O profesorado de garda, unha vez confirmada a ausencia dun compañeiro/a, permanecerá na aula co alumnado afectado. Cando se trate de alumnos/as de Bacharelato poderá permitirilles ir á Biblioteca (se as circunstancias o permiten), á pista deportiva ou á cafetería do centro.

O profesor/a de garda anotará as ausencias e os atrasos dos compañeiros/as, así como calquera anomalía que se produza no centro durante o seu tempo de garda.

Haberá un Libro de Gardas na Sala de Profesores, segundo establece a lexislación vixente, no que se deberán consignar todo tipo de incidencias producidas durante o tempo de garda, xunto coas sinaturas correspondentes do profesorado de garda.

O profesorado de garda dos recreos deberá vixiar os corredores do centro, o patio e a pista deportiva.

O profesorado de garda atenderá a aula de convivencia e colaborará na realización das actividades relacionadas co programa de habilidades sociais.

A atención ao alumnado que se poña enfermo ou sufra unha lesión é competencia, en primeira instancia, do profesor/a que estea na aula que, de seguido, avisará ao profesorado de garda, que se fará cargo da situación. No caso dunha lesión leve (pequena contusión ou golpe, rozadura, leve mareo...) o alumno/a será atendido/a no propio centro. Se a lesión ou enfermidade non pode ser atendida no centro, o profesorado de garda chamará por teléfono á casa do alumno/a para que a familia se faga cargo del/a. En caso de non persoarse a familia, o profesorado de garda comunicará a situación á Xefatura de Estudos para que tome as medidas oportunas. Nos casos en que se estime unha gravidade preocupante, chamarase ao 061, seguiranse as instrucións que diten os facultativos e acompañarase ao alumnado afectado ata que se faga cargo a familia.

8. CAMBIOS NA ORGANIZACIÓN HORARIA

En circunstancias especiais (viaxe, reunións de interese persoal, cursos...) calquera profesor/a poderá cambiar o horario das clases de un día, comunicándollo previamente á Xefatura de Estudos, sempre que os cambios se fagan con grupos completos a fin de non prexudicar a algún alumno/a que poida estar nese momento en reforzo ou apoio educativo.

No caso de que a ausencia do profesor ou profesora sexa motivada por unha folga, deberá respectarse o horario oficial.

9. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS

Cafetería

O mantemento da orde na cafetería será responsabilidade dos concesionarios da mesma, e deberán respectar as normas de convivencia establecidas nas NOF.

Ximnasio e Pavillón de Deportes

A utilización destas instalacións serán supervisadas polo Departamento de Educación Física. As actividades docentes terán prioridade sobre as extraescolares e complementarias. O alumnado velará pola conservación e a hixiene destas instalacións.

Salón de Actos

No seu uso, terán prioridade as actividades de tipo xeral.

Para coordinar o seu uso, a Vicedirección colocará, ao inicio de cada mes, unha folla-calendario, na que o profesorado anotará a reserva das horas que considere oportunas para a realización de actividades que estime convenientes.

Biblioteca

O espazo da Biblioteca dedicarase en exclusiva a esa función e disporá dun material de proxección que se utilizará no desenvolvemento puntual de actividades.

O uso dos ordenadores da Biblioteca está reservado para o alumnado que desexa facer consultas, realizar traballos ou completar información relacionada cos currículos das materias que cursa.

A Biblioteca estará aberta o maior número posible de horas que sexa posible de acordo coa dispoñibilidade de persoal para atendela. Como mínimo abrírase diariamente nos recreos para facilitar o préstamo e o uso regulado do material informático.

Poderá ser utilizada eventualmente polo profesorado que necesite impartir algunha clase nese espazo ou se acode co seu alumnado para traballar con material bibliográfico.

Na Biblioteca manterase o comportamento e o silencio esixibles propios dese espazo e funcións.

Aulas de Informática

Nestas aulas teñen preferencia absoluta de uso as actividades programadas para todo o curso; para o resto de horas libres, a Vicedirección colocará a comezo de cada mes unha folla- calendario na que o profesorado reservará as horas que precise para a realización de actividades co seu alumnado que non pode ser desenvolvidas na aula do grupo.

Nunca poden ser usadas como aulas de garda.

O profesor/a responsable do curso que está utilizando a aula, deberá cumprimentar no libro da aula a hora na que estivo e as incidencias que houbese.

Para que este control sexa efectivo deberá saberse sempre quen utiliza cada ordenador, así calquera incidencia anormal estará localizada.

A principio do curso a Dirección nomeará un profesor/a responsable de facer o control e procurar o bo funcionamento destas aulas.

Aulas ABALAR

Estas aulas funcionan con normativa propia aprobada polo grupo de profesores e profesoras que imparten clase nelas e que figura nos taboleiros de anuncios das aulas.

Aula de convivencia

Trátase dunha aula ou espazo do centro, determinado pola Dirección, habilitado para cumprir as funcións establecidas pola Lei de convivencia.

Taboleiros de anuncios

No centro haberá taboleiros de anuncios con espazos reservados para o uso exclusivo do alumnado, organizacións sindicais, asociacións de pais e nais e información oficial administrativa e docente e para o Centro Municipal de Información Xuvenil mentres se mantéña o acordo de colaboración.

Todos os documentos que se coloquen nos taboleiros deberán responder aos principios de tolerancia e respecto mutuo que informan o presente regulamento de réxime interno, e non poden ter carácter anónimo.

ASPECTOS CURRICULARES E DIDÁCTICOS

VI. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

No IES Monte das Moas impártense os catro cursos da Educación Secundaria Obrigatoria e os dous do Bacharelato.

1. A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A oferta da ESO será a marcada pola lexislación vixente, figurando no ANEXO I a oferta de itinerarios e materias optativas que se ofertan cada curso.

2. O BACHARELATO

No instituto poden cursarse o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e o Bacharelato de Ciencias, figurando no ANEXO II a oferta de itinerarios e materias optativas que se ofertan cada curso.

VII. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO

1. NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá no noso centro a desenvolver no alumnado as capacidades que permitan:

- Actuar como cidadáns democráticos, asumindo os deberes e exercendo responsablemente os dereitos como parte dunha sociedade plural que require, para unha mellor convivencia, diálogo, respecto, tolerancia, cooperación e solidariedade.
- Adquirir hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo para mellorar as condicións de aprendizaxe e contribuír ao desenvolvemento persoal.
- Asumir o respecto á igualdade de dereitos e oportunidades entre sexos e rexeitar actitudes que supoñan discriminación entre eles.
- Fortalecer a capacidade de relación con outras persoas, desbotar condutas baseadas en prexuizos e procurar a resolución pacífica dos conflitos.
- Adquirir novos coñecementos mediante o desenvolvemento de destrezas básicas na utilización crítica de diferentes fontes de información, así como unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e comunicación.

- Comprender que o coñecemento científico é un saber integrado que se estrutura en diversas disciplinas interrelacionadas e coñecer os métodos que nos aporta para identificar e resolver problemas nos diferentes campos da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo potenciando a participación crítica e a iniciativa persoal, así como a capacidade de planificar, tomar decisións, asumir responsabilidades e aprender a aprender.
- Comprender e expresar con progresiva corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes na lingua galega e na lingua castelá e iniciarse no coñecemento lingüístico, no estudo da literatura e na lectura en ambas as dúas linguas.
- Comprender e expresar mensaxes orais e escritos de dificultade progresiva, ao menos nunha lingua estranxeira.
- Coñecer e valorar aspectos básicos do patrimonio cultural e artístico e da historia das sociedades e das persoas, homes e mulleres, protagonistas do seu desenvolvemento.
- Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento na totalidade das súas dimensións físicas e psicolóxicas para ser quen de desenvolver hábitos de coidado e saúde por medio da alimentación correcta, a educación física e o deporte e o equilibrio persoal. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, consumo e atención ao medioambiente e contribuír á súa mellora.
- Achegarse á comprensión da creación artística mediante a comprensión da linguaxe das diferentes formas de representación das manifestacións artísticas.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio cultural, histórico, xeográfico e artístico de Galicia e participar na súa conservación e mellora.
- Coñecer e utilizar o idioma galego como medio de enriquecemento persoal que facilita o acceso a outras linguas e contribúe ao mantemento da nosa identidade cultural respectando a diversidade lingüística e cultural das persoas.

2. NO BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá no noso centro a desenvolver no alumnado as capacidades que permitan:

- Exercer criticamente a cidadanía democrática con conciencia cívica responsable inspirada nos dereitos humanos e as leis fundamentais de España e Galicia na procura dunha sociedade xusta, equitativa e sustentable.
- Reforzar a madurez persoal e social desenvolvendo a autonomía, o espírito crítico e a actitude favorable á resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar as desigualdades existentes e rexeitar todo tipo de actitudes discriminatorias coas persoas.

- Reforzar a disciplina persoal e os hábitos de lectura e estudo para mellorar a aprendizaxe e potenciar o desenvolvemento persoal.
- Dominar, dentro das previsións curriculares, a expresión oral e escrita na lingua galega e na lingua castelá.
- Expresarse con capacidade comunicativa nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar eficaz, crítica e responsablemente as tecnoloxías da información e comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e principais factores da súa evolución e aplicarlos na comprensión e mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de Bacharelato elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación, sendo capaz de valorar de forma crítica non soamente as melloras que provocan nas condicións de vida senón tamén os efectos derivados dunha incorrecta utilización, tanto nas persoas como no medio natural.
- Afianzar o espírito emprendedor desenvolvendo a creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo e autoconfianza.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal.
- Reforzar condutas de traballo en equipo e hábitos saudables mediante a práctica da educación física e o deporte.
- Valorar e respectar o patrimonio material e inmaterial de Galicia con conciencia da necesidade de conservalo e melloralo.

VIII. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS: A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tendo en conta as matizacións que seguen a continuación con respecto á ESO e ao Bacharelato, os departamentos didácticos deberán incorporar estratexias metodolóxicas orientadas a:

- Reforzar as estratexias utilizadas na etapa anterior.
- Prestar atención á diversidade nas aulas mediante un tipo de propostas didácticas que fosen abordables desde diferentes niveis de formación, con

actividades variadas, de diferente grao de complexidade e secuencia axeitada ás necesidades do grupo.

- Favorecer unha aprendizaxe significativa que parta das experiencias, intereses e coñecementos previos do alumnado, téndoos en conta no deseño da secuencia de actividades.
- Facilitar un clima interno de aula adecuado para favorecer a participación, o diálogo e o debate na clase.
- Aplicar métodos activos que fagan do alumnado o protagonista da aprendizaxe e potenciar a capacidade de planificar e autoavaliarse para controlar e regular o propio rendemento.
- Presentar propostas de traballo que relacionen diferentes ámbitos disciplinares e fomentar a interdisciplinabilidade.
- Desenvolver proxectos de investigación escolar sobre problemas do contexto diario do alumnado e do seu contorno.
- Organizar a aprendizaxe de modo que a formación adquirida poida ser aplicada a casos da vida real mediante actividades que relacionen os contidos estudados coa vida cotiá vinculando a teoría e a práctica.
- Elaborar monografías ou traballos nos que se poñan en práctica as habilidades de manexo e selección de información, as TIC e a expresión oral e escrita.
- Potenciar a lectura e o uso das TIC en cada unha das materias para fomentar a autonomía na obtención, análise e procesamento da información procedente de diversas fontes e aprender a comunicarse.
- Fomentar o traballo en grupo e a cooperación entre iguais para mellorar a autoaprendizaxe.
- Desenvolver a autonomía persoal, a creatividade, a iniciativa, a capacidade de tomar decisións e a responsabilidade.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico de cada materia e promover o seu uso na produción oral e escrita.
- Propoñer instrumentos de avaliación diversos e numerosos que se adapten ás condicións de aprendizaxe do alumnado, de xeito que sexan cualificados por máis dunha proba en cada avaliación.

1. NA ESO

O conxunto das materias que forman parte dos currículos da ESO deben contribuír á consecución das competencias clave establecidas.

Os departamentos didácticos incluírán nas súas programacións estratexias metodolóxicas que potencien as aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un enfoque integrador dos contidos das diferentes materias e nas diferentes actividades de ensinanza-aprendizaxe.

Ditas estratexias contribuirán a capacitar ao alumnado para a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Para a consecución do enunciado no apartado anterior deberán incorporarse estratexias metodolóxicas orientadas a:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado coa finalidade de promover aprendizaxes significativas.
- Xerar un ambiente propicio na aula, fomentando a participación e a reflexión, tanto individual como grupal.
- Adestrar ao alumnado en habilidades de traballo intelectual básicas (buscar, seleccionar e tratar a información; insistir na ordenación das ideas, comparación e xerarquización; relacionar os coñecementos adquiridos nas distintas materias...) que lle permitan aprender de forma autónoma.
- Fomentar o traballo individual, cooperativo e en equipo.
- Potenciar a expresión oral, a comprensión lectora e a expresión escrita en todas as materias e o uso das TIC.
- Impulsar unha avaliación formativa, empregando procedementos e instrumentos de avaliación que nos permitan introducir cambios nas secuencias de ensinanza-aprendizaxe e na propia práctica docente.
- Dar resposta á diversidade nas aulas con actividades de diferente grao de complexidade e secuencias de ensinanza-aprendizaxe que se adapten aos distintos ritmos do alumnado.
- Favorecer a utilización de organizacións diferentes do espazo e do tempo.
- Impulsar a funcionalidade do aprendido fóra do ámbito escolar.

2. NO BACHARELATO

No desenvolvemento do Bacharelato o alumnado iníciase en novas materias e debe afondar en outras xa traballadas no ensino secundario. A complexidade esperada no novo tratamento disciplinar non debe levar a esquecer a necesidade de manter unha certa continuidade coa etapa anterior, debendo partir dos coñecementos previamente adquiridos e non perder de vista o enfoque cara ás competencias para achegarse a unha formación máis completa, práctica e integral.

Resulta especialmente indicado a conveniencia de poñer en práctica na aula actividades que fomenten o traballo interactivo, cooperativo, rigoroso, reflexivo e conectado coa realidade e co uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación; unha práctica que teña en conta as diversas fontes de información, que fomente a transformación da información en formación, que fomente e participe do espírito crítico empregando o xénero como unha das categorías de análise, a investigación e a innovación, o traballo ben feito e a autoavaliación.

IX. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. Permitirá a adecuación, se fose preciso, de calquera dos elementos que constitúen o currículo. O profesorado de cada materia decidirá, ao remate do curso, se o alumno/a superou os seus obxectivos e acadou as competencias clave establecidas.

Os departamentos didácticos establecerán os criterios de avaliación e cualificación para aplicar ao alumnado que teña que superar materias con avaliación negativa en niveis inferiores. No caso do alumnado que curse un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento aplicarase a lexislación específica; neste sentido, para as materias que non se cursan dentro dos ámbitos, os departamentos didácticos establecerán as medidas de reforzo educativo para a súa superación.

Os departamentos didácticos darán a coñecer a comezo do curso ao seu alumnado, para cada materia e ámbito, os obxectivos e os criterios para a súa avaliación e cualificación.

O alumnado que non supere algunha materia e/ou ámbito, logo da avaliación final do período ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro.

A Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa dispón que é un deber básico do alumnado asistir a clase con puntualidade e co material preciso (art. 7 h). O protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia establece no seu artigo 4. 2 que o alumnado debe xustificar as faltas de asistencia con xustificante médico ou documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo grao, ou calquera outro documento acreditativo de circunstancia que xustifique a ausencia.

Tendo en conta a especial situación que significa a inasistencia a un exame ou a non presentación dos traballos obrigatorios nas datas previamente sinaladas, o Claustro tomou o seguinte acordo: cando o alumnado non asista a unha proba (exame tradicional, entrega de traballos ou realización de actividades obrigatorias) nas datas fixadas con anterioridade, o profesorado aceptará a xustificación da falta de asistencia por escrito asinada pola familia (nai, pai, titor legal) e poderá facer unha nova proba ou recoller o traballo nunha nova data fixada polo profesorado; de repetirse a non asistencia, a xustificación deberá ter carácter oficial (centro de saúde, xulgado...) para ter dereito a facer a proba ou entregar o traballo.

1. NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A lexislación vixente establece que:

- As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de forma colexiada polo conxunto de profesores do alumno respectivo, atendendo á consecución dos obxectivos e as competencias básicas da etapa.

- O alumnado promocionará de curso cando supere os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias, como máximo, e repetirá curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias. Excepcionalmente, poderase autorizar a promoción dun alumno/a con avaliación negativa en tres materias cando o equipo docente considere que a natureza destas non lle impide seguir con éxito o curso seguinte, cando se considere que ten expectativas favorables de recuperación e que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que promocióne sen superar todas as materias seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e os departamentos didácticos e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos nos puntos anteriores.
- Os alumnos/as poderán repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se deba producir no último curso da etapa, prolongarase un ano o límite de idade. Excepcionalmente, un alumno/a poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- Os alumnos/as que cursen os Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, serán avaliados de conformidade cos obxectivos acadados e os criterios de avaliación fixados en cada un dos respectivos programas.
- Os criterios de promoción da ESO figuran no ANEXO III.

2. NO BACHARELATO

A LOMCE regula aspectos do Bacharelato referidos, fundamentalmente, á promoción e permanencia. En síntese establece o seguinte:

Promoción de 1º a 2º curso

- Promociona todo o alumnado que aprobe todas as materias e o que teña avaliación negativa en dúas, como máximo. Para estes efectos, só se computarán as materias que como mínimo teña que cursar en cada un dos bloques e no de libre configuración só se computará Lingua Galega e Literatura.

Repetición de cursos

- O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato en réxime ordinario durante catro anos (LOMCE, art. 32.4)
- Sen superar o prazo máximo para cursar o Bacharelato, o alumnado poderá repetir cada un dos cursos unha soa vez como máximo, se ben excepcionalmente poderá repetir un dos cursos unha segunda vez, previo informe favorable do equipo docente.

- O alumnado que ao finalizar 2º tivese avaliación negativa en varias materias poderá optar por matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir curso completo.

Continuidade das materias

A superación de determinadas materias de 2º está condicionada á superación das correspondentes materias de 1º curso por implicar continuidade.

No entanto, o alumnado poderá matricularse da correspondente materia de 2º sen cursar a correspondente de 1º, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno/a reúne as condicións necesarias para seguir con aproveitamento a materia de 2º. En caso contrario, deberase cursar a materia de 1º, que terá a condición de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións da promoción a 2º.

3. CONCESIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

A normativa establece que, segundo os criterios que se establezan no PEC, concederase a distinción de Matrícula de Honra a aqueles alumnos e alumnas que teñan nota media de 9 ou superior –en toda a ESO, no caso do alumnado de 4º, e no 2º de Bacharelato- . O número destas Matrículas será do 5% do conxunto do alumnado de 4º e de 2º de BAC respectivamente. Para posibles empates, o criterio a aplicar será o seguinte:

- 2º curso de Bacharelato: maior nota media en 1º de BAC. No caso de persistir o empate, concederase a Matrícula a quen teña maior nota media nos cursos de ESO, comezando por 4º e seguindo por 3º, 2º e 1º.
- ESO: aplicarase un criterio similar, tendo en conta que a nota media de 9 ou superior é o resultado de toda a etapa: maior nota en 4º, 3º, 2º e 1º.
- Se aínda persistise o empate, outorgaríase a matrícula de honra á alumna ou alumno de menor renda familiar.

X. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Segundo o artigo. 75.c do ROC, corresponde ao xefe/a de cada un dos departamentos didácticos a responsabilidades da redacción da programación didáctica das materias correspondentes. O artigo 73 do ROC establece que as devanditas programacións deben estar de acordo coas directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. A programación didáctica dos departamentos incluírá os seguintes aspectos:

- Introducción e contextualización.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

- Concreción de obxectivos por curso.
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliabile de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.
- Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bacharelato).
- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función os resultados
- Medidas de atención á diversidade
- Concreción dos elementos transversais de cada curso
- As actividades complementarias e extraescolares do departamento
- Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A Memoria final que deben elaborar, ao remate de cada curso académico, todos os departamentos didácticos debe servir para establecer as necesarias correccións na programación do vindeiro curso.

XI. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O marco normativo é o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a normativa vixente ao efecto contemplada no mesmo (páx. 37489) e, en especial, a normativa reguladora de cada etapa.

Cómpre partir dunha avaliación das necesidades que presenta o alumnado (en xeral e do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) e do contexto (centro educativo e contorno socio-cultural e familiar), así como dos recursos dispoñibles en cada curso escolar.

A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado. As medidas, estratexias, plans e actuacións contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade deben estar dirixidas a prever as dificultades de aprendizaxe, respectar as diferenzas, dar unha resposta ás necesidades detectadas e posibilitarlle a todo o alumnado, na medida do

posible, a consecución das capacidades establecidas nos obxectivos e as competencias básicas establecidas para cada materia, nivel e etapa.

Ditas medidas rexeranse polos principios de normalización e inclusión; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa (Artigo 4 .1 do Decreto 229/2011). Adoptaranse en canto se detecten as dificultades de aprendizaxe e terán carácter revisable e suxeitas a avaliación, introducindo os axustes necesarios.

Contemplanse actuacións e medidas xerais de carácter preventivo, medidas ordinarias e medidas extraordinarias para cada unha das etapas educativas. Ditas medidas poden incidir en aspectos curriculares, relacionais e/ou organizativos.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as actuacións e medidas de carácter preventivo e de detección temperá, así como as de carácter ordinario. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores e será necesaria a autorización da Dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, o informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

A proposta de organización da atención do alumnado por parte do profesorado de Pedagogía terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de se o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe (art. 37.4 do Decreto 229/2011).

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo recibirán, de forma individualizada, a información necesaria e o oportuno asesoramento das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para dar unha resposta axeitada ás mesmas. En todo caso, promoverase a implicación das familias ou dos titores legais no proceso educativo dos seus fillos ou titorados.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade, que forma parte do PEC, desenvolveranse as medidas aquí contempladas, concretaranse as actuacións dos distintos profesionais, os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento. En todo caso, incluírá os aspectos sinalados no artigo 12 do Decreto 229/2011.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Inclúense aquí medidas, plans e estratexias de carácter preventivo e detección temperá. Pretenden garantir un tratamento educativo personalizado, promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas. Ditas actuacións poden ser de carácter curricular, relacional e/ou organizativas:

- Plan de acollida do alumnado inmigrante.
- Plan de transición de Primaria a ESO.

- Protocolo para o alumnado de nova incorporación que presente necesidade específica de apoio educativo.
- Protocolo de actuación nos casos de absentismo escolar.
- Aulas de atención educativa e de convivencia.
- Plan de habilidades sociais.
- Mediación entre iguais e outras actuacións destinadas á mellora da convivencia (tutoría entre iguais).
- Optatividade.
- Tutoría e orientación.

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Van dirixidas a facilitar a adaptación dos elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) ao contexto sociocultural do centro e as características do alumnado, sen alteración significativa dos mesmos. A súa finalidade é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe do noso alumnado e están destinadas a facilitar á consecución e os obxectivos das competencias básicas establecidas nas diferentes etapas.

NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Medidas organizativas	Medidas curriculares	Medidas curriculares e organizativas
<p>Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos e tempos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.</p> <p>•Desdobramentos de grupos nas materias de linguas e Matemáticas. (1)</p>	<p>•Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</p> <p>•Programas de reforzo e recuperación das materias avaliadas negativamente.</p> <p>•Programas de reforzo nas materias instrumentais básicas.</p> <p>•Programas específicos personalizados.</p> <p>•Programas de enriquecemento curricular.</p> <p>•Actividades do programa de habilidades sociais contempladas para a súa impartición na tutoría.</p>	<p>•Adecuación das programacións didácticas e das programacións de aula ás características do alumnado.</p> <p>•A posta en marcha de metodoloxías que favorezan a atención individualizada, a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.</p> <p>•Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (dentro da aula). (1)</p> <p>•Programa de recuperación das materias pendentes en horario de tarde.(1).</p>

(1) En función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles.

NO BACHARELATO

Medidas organizativas	Medidas curriculares	Medidas curriculares organizativas e
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos e tempos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> •Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. •Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes. •Programas de enriquecemento curricular. 	<ul style="list-style-type: none"> •Adecuación das programacións didácticas e das programación de aula ás características do alumnado. •A posta en marcha de metodoloxías que favorezan a atención individualizada, a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. •Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (dentro da aula). (1)

(1) En función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles en cada curso escolar.

MEDIDAS E ACTUACIÓNS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias que van destinadas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (alumnado que presenta necesidades educativas especiais, alumnado con altas capacidades intelectuais, alumnado con integración tardía no sistema educativo español, ou con condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorecidas), poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo. A valoración de dito alumnado corresponde á Xefatura do Departamento de Orientación e/ou ao EOE (artigo 34 e 35 do Decreto).

NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Medidas organizativas	Medidas curriculares	Medidas curriculares e organizativas
<p>Apoio PT ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais. (dentro e fóra da aula).</p> <ul style="list-style-type: none"> •Fragmentación de curso (3º e 4º de ESO). •Flexibilización do período de escolarización. •Adaptacións de acceso ao currículo. •Derivación do alumnado a un Ciclo de Formación Profesional Básica. 	<ul style="list-style-type: none"> •Exención da Lingua galega. •Adaptacións curriculares. 	<ul style="list-style-type: none"> •Grupo de ámbitos (1º e 2º de ESO). •Exención de francés. •Agrupamentos flexibles/específicos. •Grupo de adaptación da competencia curricular (alumnado inmigrante, ESO). •Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento en dous cursos (2º e 3º de ESO). •Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

As medidas e actuacións de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as ordinarias e será necesaria a autorización da Dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

NO BACHARELATO

Medidas organizativas	Medidas curriculares	Medidas curriculares e organizativas
<ul style="list-style-type: none"> •Flexibilización do período de escolarización. •Fragmentación de curso (Artigo 28º da Orde do 27 de decembro de 2002) (2) •Adaptacións de acceso ao currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> •Exención da Lingua galega. •Adaptacións curriculares (2). 	<ul style="list-style-type: none"> •Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

(2) Será necesaria a autorización da Dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

MEDIDA	CONSISTE EN	DIRIXIDA	RESPONSABLES	REFLECTIDA EN
<p>Agrupamentos flexibles/ Específicos</p> <p><i>Circular 9/1999 ; Art. 18.4 do Decreto 133/2007; Art. 18º da Orde do 27 de decembro de 2002 Art. 18º da Orde do 27 de decembro de 2002; Art. 9. do Decreto 229/2011</i></p>	<p>Agrupamentos transitorios de alumnos dun mesmo nivel para formar grupos, máximo 10/11(a norma establece ata 15), con prioridade nas materias instrumentais (LCL, LGL, Matemáticas) e tamén nas de maior peso conceptual (Xeo-Historia, Bio-Xeo e Inglés).</p> <p>Modifica a secuencia de contidos, procedementos e instrumentos de avaliación, organización da aula e outros aspectos metodolóxicos.</p>	<p>Alumnos da ESO, con prioridade 1º e 2º con dificultades de aprendizaxe que se atopen nalgunha das seguintes situacións :</p> <p>1º.-Alumnado con necesidade específica de apoio educativo con informe psicopedagóxico.</p> <p>2º.-Alumnado repetidor con posibilidade de aproveitamento.</p> <p>3º.-Alumnado que promocionando con pendentes se imparten no agrupamento.</p> <p>4º.-Que acceda ao 1º curso da ESO e requira reforzo en ditas materias en función da información proporcionada pola xefatura do Departamento de Orientación de educación primaria. Terá prioridade o alumnado que teña repetido en primaria.</p>	<p>Proposta : setembro/ equipo docente, tendo en conta os informes psicopedagóxicos se é o caso</p> <p>Selección: Xefatura de Estudos e xefatura do Departamento de Orientación titores</p> <p>Confirmación: avaliación inicial /equipo docente</p> <p>Titor: Información familias e o reflecte no informe final</p> <p>Autorización: Servizo Inspección Técnica Educativa (SITE)</p> <p>Coordinación e programacións :: departamentos didácticos</p> <p>Desenvolvemento: profesorado de materia.</p> <p>Incorporación aogrupado ordinario por recuperación das aprendizaxes ou por falta de aproveitamento. Este segundo caso non será aplicable ao alumnado con informe psicopedagóxico, agás no caso de que proceda unha medida máis individualizada (ACS) ou sexa alumnado con actitudes claramente negativas cara as tarefas escolares.</p>	<p>Programacións didácticas (nas medidas de atención á diversidade).</p> <p>Farase constar como RE no expediente do alumno (XADE).</p> <p>Anexo VII: Comunicación familias RE en agrupamento.</p>
<p>PMAR(Programa de aprendizaxe e do rendemento) de dous cursos.</p> <p><i>Resolución do 27 de xullo de 2015., pola que se ditaminstrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> <p>LOMCE</p>	<p>Unha organización do currículo diferente á establecida con carácter xeral, así como unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado cursar o 4º curso por vía ordinaria e obter o título de graduado en ESO ou derivalos á FP Básica</p> <p>Agrupar materias enámbitos</p> <p>a) Lingüístico y social: LCL, LGL e Xeografía e Historia.</p> <p>b) Científico y matemático: matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, bioloxía e xeoloxía e física e química.</p> <p>c) Linguas estranxeiras. que se desenvolven con metodoloxía específica</p> <p>Impartir os ámbitos nun grupo reducido (máximo 10 alumnos/ mínimo 5). O resto das materias impártense xunto co grupo de referencia.</p> <p>Cada ámbito será impartido por profesorado específico cun enfoque metodolóxico funcional , global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e aos obxectivos da etapa. Un profesor por ámbito e emítese unha única cualificación.</p> <p>Coordina a avaliación: profesorado titor do programa e profesorado titor do grupo de referencia.</p> <p>Referentes para avaliar: O establecido para cada ámbito e materias do programa. Competencias, obxectivos, criterios de avaliación y estándares de aprendizaxe da ESO.</p> <p>Recuperación das materias pendentes: realizaranse as actividades de reforzo e apoio durante o desenvolvemento do programa e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta coa colaboración dos departamentos didácticos implicados.</p> <p>Promocióncando superasen todas as materias cursadas ou os criterios de promoción establecido no centro para cada cursos. Iso significa que o alumnado de PMAR non poderá ter avaliación negativa en ningún dos dous ámbitos (Lingüístico e Social ou Científico e</p>	<p>Alumnado de 1º ciclo da ESO que:</p> <p>Teña dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de esforzo ou de estudo e que se atope nalgunha das seguintes situacións:</p> <p>a)Ter cursado 1º de ESO e ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de promocionar ao 2º curso.</p> <p>b)Con carácter excepcional, para o alumnado que teña cursado o 2º curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao 3º curso.</p>	<p>Proposta inicial: Na xunta da 2ª avaliación do curso anteriorao iniciar o programa</p> <p>Avaliación psicopedagóxica:xefatura do Departamento. 3ª de avaliación avaliación do curso anterior</p> <p>Proposta razoada: setembro/ equipo docente.</p> <p>Informe individualizado: titor/a, segundo o modelo. Este informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.</p> <p>Informe psicopedagóxico: xefatura do D.O., recollerá as conclusións das reunións co profesorado titor, opinión das familias (menores).</p> <p>Familias/representantes legais: constancia escrita da súa opinión.</p> <p>Comisión seleccionadora: Xefatura de Estudos, xefatura do Departamento de Orientación e titores. Para a súa selección o centro require o acordo das familias e do alumnado.</p> <p>Remisión da proposta coa documentación ao Servizo Provincial de Inspección Educativa para a súa aprobaciónantes do inicio das actividades lectivas: Director/a.</p> <p>Autorización:Servizo Provincial de Inspección Educativa</p>	<p>Concreción do currículo e programacións didácticas: departamentos didácticos, profesorado dos ámbitos e a colaboración da xefatura do Departamento de Orientación.</p> <p>-----</p> <p>Constancia no historial académico do alumnado.</p> <p>Anexos PMAR XVI-XXI</p> <p>Anexo XVI: Modelo Informe individualizado titor</p> <p>Anexo XVII: Modelo Informe psicopedagóxico-PMAR</p> <p>Anexo XVIII: Audiencia Alumnado e compromiso</p> <p>Anexo XIX: Audiencia Familias</p> <p>Anexo XX: Acta</p> <p>Anexo XXI: Oficio SITE</p>

MEDIDA	CONSISTE EN	DIRIXIDA	RESPONSABLES/ PROCEDEMENTO	REFLECTIDA EN
<p>Derivación a un Ciclo de Formación Profesional Básica (LOMCE) <i>Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.</i> <i>Decreto 107/2014 do 4 de setembro.</i></p> <p>Orde do 13 de xullo de 2015 (DOG do 22 de xullo) pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade ...</p>	<p>Medidas educativas específicas, de dous anos de duración*, que teñen como finalidade previr o abandono escolar e contribuir a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.</p> <p>Superando un ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas (perfil profesional). Mesmos efectos laborais que o título da ESO. Permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao medio. Posibilita ao alumnado a obtención do título da ESO (mediante a superación da proba específica de avaliación da ESO).</p> <p>Tipos de módulos: Módulos asociados a unidades de competencia. Módulos asociados aos bloques comúns (tódolos perfís). Módulo de FCT. -----</p> <p>*Duración variable para o alumnado con necesidades educativas especiais ou específicas.</p>	<p>Alumnado da ESO entre 15 e 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo e que cumpra os seguintes requisitos de forma simultánea: Ser proposto/apolo equipo docente. Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais. Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso. O alumnado con NEAE (formación adaptada).</p>	<p>Reunión do equipo docente xunto coa xefatura do Departamento de Orientación (sesión de avaliación ordinaria de xuño, excepcionalmente en setembro) realizará unha primeira selección, que será asinada por todo o equipo docente e a xefatura do Departamento de Orientación.</p> <p>A persoal elaborará para cada alumno ou alumna o consello orientador, segundo o modelo, coa axuda do xefe/a do Departamento de Orientación.</p> <p>A Dirección do centro coa colaboración da xefatura do Departamento de Orientación comunicarálles ao pai, á nai ou aos/as titores/as legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no cal, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas.</p>	<p>Nota: No noso centro non se imparte esta medida, pero temos que realizar os trámites de derivación</p> <p>Anexos CFPB establecidos pola Consellería.</p>

XII. PLANS PARA O ALUMNADO CON MATERIAS AVALIADAS NEGATIVAMENTE OU QUE NON PROMOCIONE

A lexislación sobre a ESO recolle que o alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. Así mesmo, establece que o alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso e que os centros deberán organizar un plan específico para axudar ao devandito alumnado a superar as dificultades, incidir sobre as carencias e favorecer a adquisición das competencias clave.

Acorde con isto, a resposta ás necesidades que presenta o alumnado da ESO con materias avaliadas negativamente ou que non promocióne, esixe unha maior individualización do currículo a desenvolver nun contexto o máis heteroxéneo posible. Isto pode levarse a cabo a través dun traballo individualizado dentro ou fóra da aula en calquera das materias que o precise ou a través de agrupamentos nas materias instrumentais.

A estes efectos cítanse criterios que as programacións didácticas e a práctica educativa poden incorporar na elaboración das medidas citadas:

- O coñecemento das posibilidades, necesidade e contorno de cada alumna e cada alumno concreto a través dun proceso de identificación no que intervén o titor, o profesorado no seu conxunto, o responsable do Departamento de Orientación e outros posibles especialistas.
- O desenvolvemento das competencias clave mediante a priorización de obxectivos e contidos de acordo coas características de cada persoa sen renunciar a un marco común de secuenciación de unidades didácticas.
- A organización flexible do tempo e do espazo.
- O uso de materiais e espazos alternativos, no centro ou fóra del, para enriquecer as ensinanzas e incrementar a motivación.
- A programación de actividades variadas e secuenciadas adecuadamente para que o alumnado poda desenvolver estratexias de recollida e organización da información; de recordo e recuperación; de análise; de procura de alternativas; de síntese e avaliación; de revisión e identificación do erro; de reforzo, ampliación e xeneralización.
- A organización do traballo conxugando a práctica da autonomía e a aprendizaxe cooperativa.
- A incorporación, cando sexa preciso, de recursos persoais de apoio sen esquecer que a aula é un espazo compartido e aberto no que interveñen distintos profesionais cunha única finalidade e un mesmo proxecto.
- O asesoramento personalizado dos responsables da orientación e dunha maior implicación das familias.

A lexislación sobre o Bacharelato establece que o centro educativo, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar satisfactoriamente os estudos. O alumnado que promocióne a segundo curso con materias avaliadas negativamente, deberá cursalas ao longo do curso e serán os centros os que organicen as actividades de recuperación e avaliación das materias pendentes.

En cumprimento da lexislación anteriormente citada, o alumnado de 2º con materias pendentes será atendido polos departamentos didácticos de acordo co establecido nas correspondentes programacións didácticas e, na medida das disponibilidades de

profesorado, poderán establecerse clases especiais para axudar ao alumnado a recuperar as materias avaliadas negativamente.

Tanto para a ESO como para o Bacharelato, a Xefatura de Estudos organizará as sesións de avaliacións parciais e final ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro.

XIII. LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial e a orientación académica e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos e é inseparable da función docente, polo que será unha tarefa prioritaria da persoa titora en colaboración co equipo docente e o asesoramento do Departamento de Orientación (Artigo 20 do Decreto 133/2007).

No proceso de elaboración e desenvolvemento de ditos plans contéplanse as seguintes fases:

- O Departamento de Orientación, coa colaboración das persoas titoras, elaborará a programación básica de ditos plans seguindo as directrices marcadas pola CCP e partindo dunha análise de necesidades e prioridades do centro.
- Os tutores/as dun mesmo nivel, co asesoramento do Departamento de Orientación e coordinados pola Xefatura de Estudos, establecerán liñas de actuación comúns relativas ao seguimento individual do alumnado.
- Os tutores/as e os equipos docentes adaptarán as programacións básicas de ditos plans ás características do grupo de alumnos/as ao que imparten clase.

Os plans recollerán intervencións para o seguimento individual e grupal do alumnado. Ditas intervencións contemplarán actuacións co alumnado, equipo docente e familias.

As actuacións co alumnado irán encamiñadas a potenciar a súa integración no centro e no grupo, a contribuír á personalización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e ao seu proceso de madurez vocacional-profesional, guiándoos na elección de materias optativas e na transición ao mundo laboral ou académico.

As actuacións co profesorado terán como obxectivo a coordinación do equipo docente que imparte clase ao grupo, tanto no relativo á avaliación como aos procesos de ensinanza-aprendizaxe, posibilitando liñas de actuación comúns.

As actuacións coas familias irán dirixidas a potenciar a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as.

As programacións dos plans de orientación e acción titorial incluirán, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, actividades e secuenciación das mesmas, recursos e materiais e avaliación.

As actividades seleccionadas terán en conta as liñas de acción titorial (ensinar a pensar, ensinar a ser persoa, ensinar a convivir e comportarse, ensinar a decidirse) e a súa

contribución á adquisición das competencias básicas relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento persoal e as habilidades sociais.

XIV. PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG 25-5-2010) para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece a obriga de elaborar, cada catro anos, o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) como parte integrante do PEC complementado, anualmente, cunha addenda.

Para coñecer a realidade socio-lingüística do noso instituto, elaboráronse uns cuestionarios. Da análise dos respondidos polo alumnado dedúcese que:

- O alumnado do IES Monte das Moas ten como lingua maioritaria o castelán nas súas relacións familiares (82%) e sociais (99%).
- No instituto continúa a ser maioritaria no nivel oral: cos compañeiros usan o castelán o 100%, baixando ao 77% na comunicación cos profesores.
- Na forma escrita dentro das aulas –fóra das clases de Lingua e Literatura Galega- só emprega o galego o 34% do alumnado.
- Na súa percepción do uso do galego no instituto, o alumnado pensa que está nun nivel medio.

Da análise dos cuestionarios respondidos polo profesorado dedúcese que:

- Comunícase oralmente, de forma habitual, en galego nos seus ámbitos privados nun 30%; esta porcentaxe sobe no centro escolar a un 36%. Ademais, un 15% responde que usa indistintamente as dúas linguas.
- Na lingua escrita, o profesorado respondeu que no instituto usa o galego o 45%. A súa percepción de uso do galego no instituto estaría nun nivel baixo.

No instituto Monte das Moas a lingua galega está presente en toda a documentación escrita: administrativa, informativa e rotulado do centro. Obsérvase boa disposición no persoal non docente, favorable ao uso do galego tanto na conserxería coma na secretaría.

Neste sentido, no instituto aplícase enteiramente o establecido no artigo 3 do Decreto 79/2010 no referente á lingua empregada nos centros de ensino sostidos con fondos públicos, fomentándose o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións internas como nas que se manteñen coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

Están tamén redactados en galego todos os documentos de carácter administrativo e os documentos didácticos elaborados polos diferentes órganos que funcionan no centro, así como as programacións dos departamentos didácticos.

Conta tamén o instituto cos grupos de traballo e os documentos requiridos pola administración educativa en materia de Lingua galega: o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Proxecto Lingüístico.

Con respecto ás materias que deben ser impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, cúmprese o prescrito no artigo 7 do Decreto 79/2010: en galego Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías, Física e Química.

Para equilibrar o galego e o castelán nas restantes materias, e tendo en conta a diferente carga horaria das mesmas, a distribución é a seguinte:

CURSO	GALEGO	CASTELÁN
1º ESO	Educación Plástica e Visual, Valores Éticos, Promoción de Hábitos de Vida Saudable, Conxunto instrumental	Educación Física, Relixión, Iniciación ás TIC, Volume
2º ESO	Música, Valores Éticos, Promoción de Hábitos de Vida Saudable, Oratoria	Educación Física, Relixión, Iniciación ás Técnicas de Investigación e Tratamento da Información
3º ESO	Educación Plástica e Visual, Cultura Clásica, Valores Éticos	Educación Física, Música, Relixión
4º ESO	Latín, Cultura Científica, Cultura Clásica, Música, TIC	Educación Física, Economía, INAEE, Educación Plástica e Visual, Filosofía, Valores Éticos, Relixión
1º BAC	Filosofía, Bioloxía e Xeoloxía, Latín I, Grego I, Literatura Universal, Historia do Mundo Contemporáneo, Debuxo Artístico I, TIC I	Educación Física, Matemáticas I, Debuxo Técnico I, Física e Química, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, Economía, Linguaxe e Práctica Musical, Cultura Científica, Música e Cine, Relixión
2º BAC	Historia de España, Bioloxía, Latín II, Grego II, Historia da Arte, Xeografía, Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, Literaturas Hispánicas, Historia da Música e da Danza, TIC II, Literatura Galega do SS. XX	Matemáticas II, Debuxo Técnico II, Física, Química, Historia da Filosofía, Matemáticas Aplicadas ás CCSS, Economía de Empresa, Fundamentos de Administración e Xestión, Psicoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos

O alumnado que o precisa recibe medidas oportunas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico co fin de alcanzar os obxectivos xerais establecidos pola Lei de Normalización Lingüística. As medidas adoptadas teñen un obxectivo xeral moi claro: lograr que o plurilingüismo sexa unha situación totalmente normalizada no noso centro. Entre os recursos empregados destacan:

- Adaptacións curriculares por materias en coordinación cos departamentos didácticos e o Departamento de Orientación.
- Recuperacións e atención ao alumnado con materias pendentes.
- Elaboración de materiais para as actividades de estudo: técnicas de estudo, normas para elaborar traballos escritos, orientacións sobre os cadernos de traballo, fomento das técnicas da oralidade, etc.
- Concienciar ao profesorado da conveniencia de impartir máis clases en galego, de usalo no material que se entrega ao alumnado, nas programacións, nas actas...

Un caso especial é o alumnado que vén de fóra de Galicia e que ten problemas de comprensión e aprendizaxe na nosa lingua. A maioría son de orixe latinoamericana que, no seu conxunto, adopta unha actitude positiva e ten, nalgúns casos en 1º e 2º da ESO, profesorado de apoio. En xeral presenta máis problemas o alumnado de etnia xitana debido á actitude negativa para a aprendizaxe do idioma. Bótase en falta máis profesorado especializado neste tipo de problemas, situacións que poden agravarse nos casos do alumnado que presenta ANEAE.

Coa finalidade de promover a dinamización da lingua galega no centro e favorecer que a competencia lingüística do alumnado, ao final da súa escolarización, sexa equivalente nas dúas linguas oficiais, o equipo de dinamización da lingua galega pon o máximo empeño en acadar os seguintes obxectivos:

- Ter sempre en conta o cumprimento da normativa legal vixente.
- Axudar nas tarefas normalizadoras do centro desde todos os puntos de vista, tratando de lograr que todos os estamentos potencien a lingua galega nas súas actuacións.
- Tentar superar os prexuízos existentes cara á lingua galega, tanto no coñecemento coma no uso.
- Fomentar a lingua galega na súa vertente oral.
- Valorar o patrimonio histórico, cultural, artístico e lingüístico da humanidade en xeral e de Galicia en particular, como ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.

NIVEL DOCENTE: PROFESORADO

- O profesorado velará polo cumprimento da lexislación vixente.
- Nas actividades de acción tutorial empregárase a lingua galega, ao igual quena realización de actividades extraescolares e complementarias.
- A documentación oficial, libros de actas, programacións didácticas... será redactada en lingua galega.
- Atendendo ao dereito que asiste ao alumnado a realizar as probas de avaliación na lingua que prefira (agás naquelas de linguas específicas), potenciarase por

parte de todo o colectivo docente que a realización das probas de avaliación ou de calquera outro tipo sexa en galego (agás as establecidas explicitamente en castelán na lexislación).

- Animarase ao profesorado non galegofalante a facer uso progresivo da nosa lingua. Para facilitar a súa tarefa, contará coa axuda necesaria.
- Diseñarase e elaboraranse estratexias para que o alumnado que poida presentar algunha dificultade no emprego da nosa lingua se sinta totalmente integrado e decidido a empregala.
- Procurarase que se dea unha correspondencia lingüística, tanto oralmente como por escrito, coas persoas que se manifesten en lingua galega: alumnado, profesorado, pais, nais e persoal non docente.

NIVEL DISCENTE: ALUMNADO QUE CURSA A ASIGNATURA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

- Intentarase lograr que o alumnado sexa protagonista de todas as actividades propostas polo EDLG co gallo de estimulalo en contra da actitude desprezativa cara á lingua galega.
- Favorecerase e animarase ao alumnado que decida establecerse na nosa lingua e vaia mostrando un claro avance no seu uso.
- Procurarase que se dea unha correspondencia lingüística, tanto oralmente como por escrito, coas persoas que se manifesten en lingua galega: alumnado, profesorado, pais, nais e persoal non docente.
- Procurarase realizar intercambios socioculturais con outros centros, tanto de alumnado coma de material e experiencias.
- Poñerase ao alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia:
 - Divulgando a celebración de diferentes actos que supoñan unha clara inmersión na nosa realidade social, histórica, literaria... co fin de que os membros da comunidade escolar asistan a eles, e posteriormente se poida comentar o seu contido nas aulas.
 - Programando charlas, conferencias ou coloquios sobre a nosa realidade, por parte de diversas entidades culturais.
 - Aproveitando o contorno máis próximo para dar a coñecer ao alumnado feitos históricos, xeográficos, etnográficos, económicos, artísticos... da nosa realidade.
 - Favorecendo a investigación por parte do alumnado nos distintos eidos da nosa cultura, espertando a súa curiosidade por coñecer máis sobre o seu propio pobo.
 - Suxerindo lecturas voluntarias sobre temas da nosa realidade cultural.

- Interesando o alumnado pola riqueza de variedades nalgúns aspectos da nosa cultura: xeografía, etnografía, dialectoloxía...
- Aconsellando sobre o material didáctico específico naquelas áreas nas que se trate a nosa realidade.
- Empregando os medios audiovisuais ao noso alcance para difundir a nosa cultura.
- Fomentando o uso das novas tecnoloxías para desenvolver temas que dean a coñecer o noso mundo galego.

NIVEL DISCENTE: ALUMNADO EXENTO DA ASIGNATURA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

Son poucos os alumnos e alumnas que teñen exención en Lingua Galega. Este alumnado ten que estar integrado ao máximo en todo o relacionado co centro. Desde ese punto de vista, debe cumprir os obxectivos anteriormente citados relacionados coa lingua e coa cultura galegas, traballando de xeito gradual, con material adaptado aos seus progresos e, por suposto, contando coa axuda continua do seu profesorado.

XV. PLAN LECTOR

O IES Monte das Moas está situado nunha barriada periférica da cidade da Coruña con predominio de alumnos de procedencia socioeconómica medio-baixa e baixa pertencentes a familias cun nivel de formación nos límites do ensino medio e a formación profesional, se ben algunhas familias teñen formación superior.

Dentro deste contexto, e sen datos obxectivos que permitan corroboralo, cabe estimar que a dotación cultural das familias en xeral e o nivel de lectura persoal é baixo no conxunto. Non hai datos sobre o uso e aproveitamento das bibliotecas públicas da zona (Castrillón e Forum metropolitano), tanto desde o punto de vista familiar como por parte dos alumnos/as individualmente.

Cómpre destacar, nas actividades de carácter xeral, a organización de varios clubs de lectura nos niveis da ESO e Bacharelato, así como a creación de blogs relacionados (<http://lecturasrebuldeiras.blogspot.com>). Para o funcionamento dos clubs de lectura hai habilitada unha das aulas que funciona como desdobre a fin de que poidan ter certa independencia na súa actividade.

Nas clases das linguas dedícase un tempo semanal á lectura con libros da biblioteca en depósito nos departamentos ou con libros achegados polo alumnado. Noutros departamentos traballan a lectura comprensiva na aula mediante a lectura do libro de texto con comentario ou posterior resumo, comprensión de exercicios técnicos e problemas e adquisición de vocabulario específico da materia.

Por falta de horas lectivas por parte do profesorado a biblioteca só está aberta para préstamos nos recreos de luns a venres; o alumnado que desexe acudir a ela fóra dese horario só pode facelo se os acompaña algún profesor ou profesora. O responsable da

biblioteca dispón dunhas horas lectivas semanais (entre 3 e 6 segundo o curso) e conta coa axuda de varios profesores e profesoras que dedican algunha hora en lugar de gardas. A maior parte das compras de libros que todos os anos fan os diferentes departamentos danse de alta a través do programa de biblioteca e moitos exemplares deben pasar en depósito aos departamentos para uso directo do profesorado e, ao tempo, deixar espazo libre.

Para o servizo do alumnado, e para que os poidan utilizar durante os recreos e polas tardes en que non hai clase, están instalados na biblioteca varios ordenadores con conexión a Internet.

Entre os **obxectivos** do Plan Lector a medio prazo destacan:

- Converter a biblioteca do centro nun recurso didáctico para todas as materias mediante un proceso de permanente actualización de fondos adaptados ás materias e ao alumnado.
- Estructurar a organización escolar para que permita ou facilite o aproveitamento de tempos e espazos na biblioteca do centro.
- Introducir melloras na organización bibliotecaria para facilitar o aproveitamento especialmente no referido á axilización do sistema de préstamos e á ampliación dos horarios de apertura.
- Organizar as bibliotecas de aula deseñando os seus contidos segundo niveis e necesidades, definindo o modo de integración coa biblioteca xeral, fornecéndoa do mobiliario necesario e asignando responsabilidades de control.
- Crear un grupo de apoio á biblioteca con profesores voluntarios que teñan recoñecido o tempo de atención e traballo como actividade docente nos seus horarios.
- Facilitar o acceso a Internet como recurso didáctico e documental desde a biblioteca creando postos de acceso para o alumnado (acceso na rede a páxinas seleccionadas polos departamentos, acceso a materiais didácticos e informativos escollidos e propostos polos profesores...). Este obxectivo está acadado en parte coa ubicación dos ordenadores citados.
- Definir nas programacións didácticas os obxectivos de cada materia no referente á lecto-escritura en relación coas competencias básicas.
- Integrar o aproveitamento da biblioteca como espazo lector no desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe e de mellora da comprensión lectora e da expresión escrita (clases na e coa biblioteca, traballos de base bibliográfica, asistencia para lectura individual ou en grupo...).
- Programar actividades formativas para o profesorado encamiñadas a mellorar as capacidades docentes no desenvolvemento dos obxectivos de mellora na lectura e expresión escrita.

- Adquirir bibliografía didáctica para uso do profesorado no eido das estratexias de lectura, da comprensión lectora e exposición oral nas diferentes materias.
- Establecer relacións coas bibliotecas públicas do entorno para desenvolver actividades conxuntas de fomento da lectura ou colaborar nas que se programen.
- Organizar actividades internas que fomenten a participación dos alumnos no desenvolvemento da capacidade de expresión escrita desde as diferentes materias con motivo de acontecementos relevantes ou as efemérides recollidas no calendario escolar.
- Introducir contidos nas materias lingüísticas que preparen o alumnado para o coñecemento e identificación dos diferentes tipos de texto e niveis de lectura para que poidan aplicarlos nas restantes materias.
- Integrar os obxectivos e actividades do proxecto lector cos das tecnoloxías da información e comunicación para programar actividades combinadas.
- Introducir na programación de aula a aplicación das técnicas de traballo intelectual (subliñado, identificación de ideas principais e secundarias, esquema, resumo, mapa conceptual...).
- Fomentar a participación das familias no desenvolvemento das actividades programadas na medida en que sexa posible.
- Manter e potenciar os clubs de lectura e as aplicacións informáticas con eles relacionadas.

XVI. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

O Anexo VI do Decreto 133/2007 do 5 de xullo e a LOMCE establece as liñas xerais de actuación e os obxectivos básicos a conseguir en relación coas novas tecnoloxías da información e a comunicación como instrumentos de educación e formación do alumnado.

Este Plan debe estar perfectamente coordinado co obxectivo dunha das competencias básicas, a competencia dixital, de modo que ao rematar o ensino secundario o alumnado dispoña de suficientes habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Pretende o desenvolvemento de metodoloxías didácticas que faciliten a posta en práctica de novos procesos de ensino-aprendizaxe, así como estratexias e ferramentas de avaliación mais adecuadas para garantir a adecuación ao enfoque de competencias básicas.

Trátase de incorporar as TIC á aula como habilitadoras de novas prácticas docentes e promocionar a adopción de novos modelos pedagóxicos que potencien a aprendizaxe do alumnado, no camiño do tratamento das competencias básicas a partir das TIC. Neste

sentido, a incorporación do centro ao proxecto Abalar desde o curso 2010-11 permite levar a cabo o traballo de aula cunha incorporación máis plena e integrada das TIC.

O propósito final é que o alumnado, co apoio do profesorado e demais axentes educadores:

- Aprenda a pensar, a usar procesos creativos críticos e reflexivos que lles permitan cuestionar a información recibida, xa sexan experiencias ou ideas.
- Adquiera un coñecemento global e contextualizado dos temas de ensino, integrando as aprendizaxes, relacionándoos cos contidos curriculares das diversas áreas e materias.
- Aprenda a convivir, participando activamente nun mundo globalizado, interrelacionado e cambiante.
- Adquiera unha formación ética, alén dos contidos das respectivas materias, mediante un exercicio constante de reflexión e práctica democráticas.

Os obxectivos que a curto e longo prazo se pretenden alcanzar, deben:

- Outorgar un peso importante ao desenvolvemento persoal e social do alumnado no contexto dun currículo que contempla as competencias básicas como un elemento integrador do resto das competencias.
- Potenciar a coherencia das prácticas educativas no centro, na medida en que o profesorado sexa capaz de chegar a acordos para favorecer a conexión e, se é o caso, agrupacións curriculares entre as distintas áreas e materias.
- Orientar a selección, organización e secuenciación dos contidos, incluíndo tanto os de carácter conceptual como os relativos a destrezas, valores, actitudes e aspectos emocionais.
- Aplicar os coñecementos en distintos contextos da vida cotiá.
- Ter en conta que a aprendizaxe dáse en contextos formais e informais.
- Introducir nos labores de orientación as TIC como unha ferramenta de facilidade e ampliación das súas funcións.

O Plan suporá:

- Cambios significativos nos roles do profesorado e alumnado.
- Cambios na metodoloxía e estratexias didácticas, así como
- Cambios nas estratexias de avaliación.
- Incorporar temas e contidos vinculados cos intereses próximos do alumnado ou relevantes na sociedade actual.

- Potenciar os recursos técnicos existentes no centro e dotarse doutros novos que permitan o desenvolvemento das actividades necesarias para a consecución dos obxectivos propostos.
- Ampliar a formación do profesorado para que poida enfrontarse con éxito á constante renovación tecnolóxica no ámbito das TIC.
- Organizar os espazos do centro que contén con recursos informáticos para conseguir o maior rendemento posible das súas instalacións.
- Potenciar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa. Establecer vías de comunicación a través de internet coas familias para unha maior axilidade da comunicación.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

O Plan deberá contar cunha **persoa dinamizadora**, que terá como funcións:

- Asesorar ao profesorado en todo o relacionado co uso das TIC, sobre os recursos dispoñibles na internet e no espazo web do centro.
- Establecer canles para a difusión das experiencias.
- Impulsar actuacións tendentes á ampliación e mellora do Plan.
- Fomentar a creación de contidos educativos polo profesorado do centro e a súa difusión a toda a comunidade educativa.
- Administrar as ferramentas educativas e facilitar a súa utilización polo profesorado.
- Administrar e actualizar o espazo web do centro e coordinar o seu funcionamento.

XVII. LIÑAS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Como en todas as actividades humanas, as interaccións positivas entre as persoas son imprescindibles para a mellora colectiva e o correcto desenvolvemento das sociedades, o que non significa que o conflito deixe de existir, xa que sempre estará presente de maneira máis ou menos latente; o que cómpre, por tanto, é desenvolver as habilidades pertinentes que permitan darlle solución e resolver pacificamente os problemas e discrepancias que vaian xurdindo no día a día. Acadar este grao de convivencia é desexable en calquera circunstancia pero máis, se cabe, no ámbito educativo, pois sen un ambiente de convivencia baseado no respecto mutuo resulta imposible desenvolver os fins e obxectivos que lle son propios; un ambiente de convivencia capaz de mellorar as relacións facilita o traballo e o esforzo e potencia o rendemento colectivo.

Nos centros educativos a convivencia está referida, sobre todo, á interacción entre os diferentes colectivos que forman parte da comunidade escolar e, polo tanto, debe

impregnar todo o conxunto de relacións e actividades que deriven desta estrutura. Por outra parte, hai que ter en conta os contextos nos que se producen as relacións e as intervencións externas de entidades que, sen formar parte directa da comunidade escolar, desenvolven funcións que poden afectala.

A estes efectos, as administracións educativas, conscientes da importancia da boa convivencia nos centros, desenvolveron unha serie de normas lexislativas orientadas a favorecerla, melloralala e regulala. A LOMCE recolle entre os principios e fins do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Por outra parte, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo de 2011) intenta dar resposta concreta á necesidade de acadar e manter no ensino un clima de convivencia de calidade mediante a creación e reforzo dos instrumentos xurídicos pertinentes, partindo da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación; establece, entre as numerosas regulacións, as normas básicas de convivencia nos centros docentes, delimita o contido do plan de convivencia e das normas de convivencia cos que deben contar todos os centros docentes e asigna á comisión de convivencia, cando estea constituída, a responsabilidade de elaborar o plan de convivencia.

A elaboración dun plan de convivencia afecta a todas e cada unha das partes que compoñen a comunidade educativa facéndoo resultado dun esforzo colectivo ao tempo que esixe reaxustes continuos da organización dos diferentes plans de acción desenvolvidos (PEC, Plan anual, PAT, Plan de Orientación, atención á diversidade...) no centro para acadar a súa interrelación, converténdose así nun proceso inacabado en reestruturación permanente.

As **liñas básicas** que se presentan a continuación informan o Plan de convivencia, orientan a toma de decisións e marcan as actuacións que se consideran fundamentais para mellorar a convivencia no centro:


- Potenciar o papel da Comisión de Convivencia, para que integre as súas propostas nas actividades do Plan de Convivencia.
- Desenvolver na comunidade escolar os valores de respecto, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, igualdade entre homes e mulleres... para formar persoas que se respecten a si mesmas, que respecten aos outros e que sexan responsables dos seus actos.
- Procurar a mellora do clima escolar mediante os cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados
- Reforzar a coordinación entre a comunidade educativa e os servizos externos de que se dispoña (Servizos sociais, Concello...) para chegar a intervencións multidisciplinares e colaboración mutua.
- Consensuar as normas de convivencia entre o profesorado e os outros sectores da comunidade escolar a fin de aplicalas desde unha perspectiva máis preventiva

que sancionadora e facilitar o uso de medios negociados de resolución de conflitos.

- Favorecer a participación do colectivo do alumnado desenvolvendo e potenciando as funcións dos seus representantes nos órganos colexiados (Consello Escolar, Xunta de Delegados).
- Poñer en valor o respecto e coidado dos medios materiais que a sociedade pon ao servizo da formación e educación.
- Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.
- Analizar e avaliar a eficacia das medidas tomadas respecto da convivencia para rectificar ou substituír aquelas que resulten pouco adecuadas, nun proceso de renovación permanente.

ESQUEMA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Elaborado pola Comisión de Convivencia
 Implementado pola comunidade educativa
 Responsable do desenvolvemento: equipo directivo



REFORMA DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

De conformidade coa lexislación actual, o PEC pode ser reformado, agás no relacionado coa concreción curricular, pola Dirección do centro que informará dos cambios ao Claustro e ao Consello Escolar.

DISPOSICIÓN FINAL

Deberán existir exemplares do Proxecto Educativo de Centro depositados nos despachos dos membros directivos do instituto, na páxina web do centro, na sala do profesorado e na biblioteca para que poida ser consultado, en calquera momento, por todos os membros da comunidade educativa.

ANEXO I

ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS NO CENTRO A ELECCIÓN DO ALUMNADO DE ESO

Nos **cursos de 1º e 2º da ESO** o alumnado unicamente terá que elixir entre cursar Relixión Católica ou Valores Éticos e unha materia optativa de 1 hora lectiva, tendo en conta que non poden repetir en 2º a cursada en 1º, agás os anos nos que se poida ofertar Reforzo en Linguas.

OPTATIVAS DE 1º DA ESO	OPTATIVAS DE 2º DA ESO
<input type="checkbox"/> Introducción ás TIC <input type="checkbox"/> Volume: construcións en papel <input type="checkbox"/> Conxunto instrumental <input type="checkbox"/> Promoción de estilos de vida saudable <input type="checkbox"/> Reforzo en linguas	<input type="checkbox"/> Volume: construcións en papel <input type="checkbox"/> Promoción de estilos de vida saudable <input type="checkbox"/> Oratoria <input type="checkbox"/> Investigación e tratamento da información

En **3º da ESO** terán que **elixir** entre:

TRONCAIS DE OPCIÓN	ESPECÍFICAS	
<input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas <input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Valores éticos	<input type="checkbox"/> Cultura clásica <input type="checkbox"/> Francés

En **4º da ESO** terán que elixir entre:

TRONCAIS DE OPCIÓN	ESPECÍFICAS	
<input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas Elixir 2 <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Bioloxía-Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física-Química <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 	<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Valores éticos	Elixir 2: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> TIC <input type="checkbox"/> Educación plástica e visual <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Cultura clásica <input type="checkbox"/> Cultura científica <input type="checkbox"/> Filosofía

ANEXO II

ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS NO CENTRO A ELECCIÓN DO ALUMNADO DE BACHARELATO

1º CURSO

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN	ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN
<u>Ciencias e Tecnoloxía</u> ☞ MATEMÁTICAS I Elixir 2: <input type="checkbox"/> Física e Química, <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I	Elixir un dos bloques: <input type="checkbox"/> TIC I+ Cultura científica + Música e cine <input type="checkbox"/> TIC I + Francés I + Música e cine <input type="checkbox"/> Cultura científica + Lite. hispánicas + Música e cine <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico + Cultura científica + Relixión <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico I + Linguaxe e práctica musical
<u>Humanidades</u> ☞ LATÍN I Elixir 2: <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal	
<u>Ciencias Sociais</u> <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I Elixir 2: <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal	

2º CURSO

MATERIAS TRONCAIS DE OPCÓN	ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN
<u>Ciencias e Tecnoloxía</u> ☞ MATEMÁTICAS II Elixir 2: ☞ Física ☞ Química ☞ Bioloxía ☞ Debuxo Técnico II	Elixir un dos bloques: <input type="checkbox"/> Fund. ad.e xest. + TIC II + MEN <input type="checkbox"/> Francés II + TIC II + MEN <input type="checkbox"/> Fund. ad. e xest + CTMA + MEN <input type="checkbox"/> Francés II + Psicoloxía + Lit. gal. S. XX <input type="checkbox"/> Hª da música e da danza + Psicoloxía + Lit. gal. S. XX <input type="checkbox"/> Hª da música e da danza + TIC II + Lit. gal. S. XX
<u>Humanidades</u> ☞ LATÍN II	
<u>Ciencias Sociais</u> <input type="checkbox"/> MATE. APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II Elixir 2: <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Eco de empresa ☞ Xeografía ☞ Hª da Filosofía <input type="checkbox"/> Hª da arte	

ANEXO III

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO

(Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da ESO en Galicia)

Artigo 22. *Avaliación final da educación secundaria obrigatoria*

1. Ao finalizar o cuarto curso, os alumnos e as alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación coas seguintes materias:

- a) Todas as materias xerais cursadas no bloque de materias troncais, agás Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química, das que o/a alumno/a será avaliado/a se as escolle entre as materias de opción, segundo se indica no parágrafo seguinte.
- b) Dúas das materias de opción cursadas no bloque de materias troncais, en cuarto curso.
- c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física nin Relixión ou Valores Éticos.

2. Poderán presentarse a esta avaliación os alumnos e as alumnas que obtivesen ou ben avaliación positiva en todas as materias ou ben negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. Para estes efectos:

- a) Só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou alumna deben cursar en cada un dos bloques.
- b) No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os/as devanditos/as alumnos/as poidan cursar máis materias do referido bloque.
- c) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Artigo 23. *Promoción*

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De **forma excepcional**, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso

seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de xeito **excepcional** a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

- Tendo en conta todo o anterior, o Claustro decidiu establecer os seguintes criterios para resolver a situación da excepcionalidade de dúas e tres materias avaliadas negativamente:

Promoción con dúas materias avaliadas negativamente

Promocionará ao curso seguinte (2º, 3º, 4º) o alumnado que teña dúas materias -das computables- con avaliación negativa, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas (art. 23.2)

A efectos da excepcionalidade á que fai referencia o art.23.2, promocionará o alumnado que obteña nota mínima de 3 puntos na avaliación extraordinaria de setembro nas materias citadas.

Promoción con tres materias avaliadas negativamente

Considerando o establecido no art. 23.2, promocionará o alumnado que teña tres materias –das computables- con avaliación negativa sempre que a suma dos seus períodos lectivos non supere os **9 semanais** para promocionar de 1º a 2º, os **oito semanais** para promocionar de 2º a 3º e os **7 semanais** para promocionar de 3º a 4º, e sempre que obteña nota mínima de 3 puntos na avaliación extraordinaria de setembro.

Son computables todas as materias que o alumnado ten que cursar nos bloques de materias troncais xerais, troncais de opción e específicas, pero no bloque de materias de libre configuración autonómica e do centro unicamente computa Lingua e Literatura Galega.

ACLARACIONES: Na xuntanza de Claustro do 30-6-2008 quedaron resoltas dúas dúbidas:

- **Que se entende por equipo docente?**A efectos de promoción e titulación, entenderase por equipo docente o conxunto do profesorado que imparte clase ao alumno ou alumna que se está avaliando. (LOE. Art. 28.2)
- **Debe votar todo o profesorado que imparte clase ao alumno ou alumna?**Cada profesor e profesora pertencente ao equipo docente votará unha soa vez, aínda que imparta máis dunha materia ou ámbito, debendo manifestarse en favor ou en contra todo o profesorado do alumno ou alumna obxecto de discusión. O profesorado do Departamento de Orientación, presente na sesión de avaliación, ten voz pero non voto.